

PXA

CURSO 2024-25



INTRODUCCIÓN

A finalidade deste P.X.A. é facer realidade as sinais de identidade deste centro ofertando un ensino de calidade e tendo sempre en consideración, como premisas fundamentais, o compromiso e a participación de todos os sectores implicados no proceso educativo. Deste xeito inténtase favorecer que os nenos e as nenas realicen as aprendizaxes necesarias para vivir e integrarse na sociedade de forma crítica e creativa, as aprendizaxes básicas relativas a expresión oral, á escritura, á apreciación de ideas, procesos e conceptos matemáticos máis xeneralizados, así como unha progresiva autonomía de acción no seu medio procurando que este proceso de ensino-aprendizaxe resulte motivador e gratificante.

Imos polo tanto, potenciar a autonomía de cada neno e cada nena, adaptarémonos ós seus intereses e características, estimularemos a capacidade de discernimento e decisión, formaremos nenos e nenas que sexan capaces de atopar solucións innovadoras a problemas non previsibles... En definitiva, trátase do desenvolvemento integral da persoa, o logro da propia autonomía e da identidade persoal e social.

Para isto contaremos cunhas infraestruturas, medios, recursos, instalacións, material didáctico, profesorado e persoal non docente que a continuación detallamos.

ÍNDICE

1.- Obxectivos específicos medios e recursos

- 1.1. Infraestrutura
- 1.2. Medios e recursos didácticos
- 1.3. Currículo
- 1.4. Orientación e titorías
- 1.5. Documentos de centro e programacións

2.- Medidas a desenvolver para a súa consecución

3.- Recursos previstos para o efecto

4.- Proxecto Educativo

5.- Organización do centro

- 5.1. Órganos colexiados
 - 5.1.1. Consello Escolar
 - 5.1.2. Claustro
 - 5.1.3. Comisión económica
- 5.2. Órganos unipersoais
- 5.3. Órganos de coordinación docente
 - 5.3.1. CCP
 - 5.3.2. EDLG
 - 5.3.3. Equipo de actividades complementarias e extraescolares
 - 5.3.4. Comisión de Biblioteca
 - 5.3.5. Tics
 - 5.3.6. Convivencia

6.- Estatística

7.- Xornada escolar e Horario do centro

- 7.1. Horario
 - 7.1.1. Centro
 - 7.1.2. Profesorado. Alumnado
 - 7.1.3. Persoal non docente
- 7.2. Atención ao público
 - 7.2.1. Equipo Directivo
 - 7.2.2. Anpa
- 7.3. Quendas de recreo
 - 7.3.1. Ed. Primaria
 - 7.3.2. Ed. Infantil

8.- Calendario de reunións dos órganos de goberno e coordinación pedagóxica

9.- Libros e materiais curriculares

10.- Etapas, Áreas e Centro Plurilingüe

Educación Infantil

1º ciclo E.Primaria

2º ciclo E.Primaria

3º ciclo E.Primaria

Centro Plurilingüe

EF e psicomotricidade

Música e danza

11.- Participación do profesorado en programas de innovación educativa

12.- Instalacións

12.1.Aulas dos cursos

12.2.Biblioteca

12.3.Dependencias e despacho planta superior do edificio de Infantil.

12.4.Despachos planta baixa

12.5.Salas do edificio Primaria

12.6.Patio cuberto e porche

13.- Festas e conmemoracións

14.- Actividades organizadas pola ANPA

15.- Plan de potenciación do galego

16.- Plan de Intervención do Departamento de orientación

17.- Plan lector e Biblioteca

18.- Plan de Autoprotección

19.- Plan das TICS

20.- Plan de Avaliación do centro

21.- Potenciación e organización das relacións coa comunidade e as familias

22.- Plan de actuación dos órganos colexiados e equipo directivo

23.- Tarefas Extraescolares.

24.- Educación Viaria

25.- Xestión Económica

1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS MEDIOS E RECURSOS

1.1.- INFRAESTRUCTURA

INSTALACIÓNS

- Pintado das portas do edificio de Primaria.
- Pintado exterior edificio de Primaria
- Pechar subida ao faiado en Primaria.
- Repoñer acumuladores nas aulas
- Amañar tellado Primaria e pintar as aulas.
- Eliminar barreiras arquitectónicas no edificio de Primaria.
- Mellorar a imaxe das zonas exteriores do centro.
- Poñer en funcionamento a nova biblioteca de primaria e o quiosco de xogos.
- Habilitar unha zona para os materiais de polos creativos.

MOBILIARIO

- Andeis.
- Armarios para recursos dixitais.
- Andeis para a biblioteca.

1.2.- MEDIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Revisar, actualizar e reubicar os recursos materiais do centro co fin de acadar o máximo rendemento.

- Libros para a biblioteca.
- Ordenadores portátiles e de mesa.
- Tablets android e ipad.

1.3.-CURRÍCULO

- Incluír na E. Física no 4º curso de E. Primaria as prácticas de natación a desenvolver no 3º trimestre.

- Participar no Certame Intercentros do Concello de Narón.

- Participación no programa de Ed. Vial organizado polo Concello. .

- Participación nos PFPP.

- Contratos programa: CP inclúe e CP Innova.

- Plan proxecta: Proxecto de vida activa e saudable, nos apartados de Móvete +, Xogade, Camiña en bici á escola e Máis e mellor actividade física.

- Edix-Gal e PLAMBE.

- Outras actividades que xurdan durante o curso escolar.

1.4.- ORIENTACIÓN E TITORÍA

Avaliar ó alumnado pendente de cursos anteriores e aos que o precisen neste curso, a petición dos titores, se detectan dificultades no seu ritmo de aprendizaxe.

A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo dos alumnos sen prexuízo das competencias e da coordinación co D.O.

O/A titor/a coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida no seu grupo de alumnos e manterá unha relación permanente coa familia onde se lles transmita a información necesaria sobre o proceso educativo dos seus fillos.

1.5.- DOCUMENTOS DE CENTRO E PROGRAMACIÓNS

Ir adaptando á nova realidade os documentos de centro pouco a pouco. Este ano renovaremos o Proxecto lingüístico de centro xa que rematou o período de vixencia do anterior.

Para isto levaranse a cabo enquisas ás familias e profesorado coa finalidade de poder construír un documento adaptado á realidade do centro.

Ademais intentarase que as programacións de aula sexan funcionais e reais e axustadas á actual lexislación, buscando sobre todo unha avaliación máis efectiva e obxectiva.

2.- MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Para conseguir os obxectivos propostos no apartado 1.1 e 1.2 faremos as peticións pertinentes ao Concello e a Xefatura Territorial mantendo para isto as oportunas xestións e reunións necesarias para a consecución dos mesmos. Seguiremos a manter xuntanza cos responsables do Concello para desenvolver aquelas actividades nas que sexa precisa a súa colaboración.

Tamén se buscará unha plena participación dos compoñentes da comunidade escolar, facéndoos partícipes na vida do centro e buscando que se involucren nas melloras que se pretenden acadar no centro.

3.- RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

Estamos suxeitos á dispoñibilidade e consideración que para este centro poidan ter tanto o Concello como a Consellería de Educación. Sobre todo no referente a:

- Reorganización dos equipos informáticos, sobre todo para o uso de profesorado na sala de mestres/as e na biblioteca. O curso pasado se dotou de ordenadores a PT e AL así como dous máis para a sala de mestres. Por este motivo, é importante reorganizar os equipos cos xa existentes para que todos funcionen de xeito correcto.

- Contamos con 2 Ipad e 9 tablets pero a idea é aumentar o número das mesmas porque cada vez se utilizan máis. Durante este curso, dende a consellería se nos mandaron 3 máis como parte da dotación de polos creativos pero sería importante adquirir algunha máis.

- Adquisición de libros e outros recursos como xogos de mesa ou materiais de robótica para aumentar o catálogo da biblioteca e fomentar o seu uso por parte do alumnado. Tamén dende polos creativos se enviará material relacionado coa robótica e a electrónica básica.

4.- PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Aprobar o proxecto lingüístico de centro xa que este curso hai que renovalo por ter pasado catro anos dende o anterior proxecto.

Pódese consultar este proxecto nesta mesma PXA no apartado correspondente.

5.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO**5.1.- ÓRGANOS COLEXIADOS****5.1.1.- CONSELLO ESCOLAR**

Directora e Presidenta	María del Carmen Vázquez Barreiro
Xefa de Estudos	Laura Cabarcos Edreira
Secretaria	Ana Belén Vilar Otero
Profesorado	Elisa Dopico Bores
Profesorado	Purificación Fachal Corbeira
Profesorado	Juan Marcos Cerezo Suárez
Profesorado	Sara Gómez Amado
Profesorado	M ^a Dolores Castro Sixto
Sector Pais/nais	José Antonio Fuentes Lago
	Marta Seoane Leal
	Pedro Hernández Albuquerque
	M ^a de los Ángeles Lago Torrente
	Carla M ^a Vázquez Seco
Repr. Concello	Nuria Yáñez Freire
Repres. Administración	Marco Antonio Lago Ríos

5.1.2.- CLAUSTRO

4º Infantil	Berta Grueiro Pérez (substituída por Lara González Estévez)
5º Infantil	Mª Carmen Vázquez Barreiro ((substituída por María Fernández Saavedra)
6º Infantil	Verónica Ramos Basoa
Apoio Infantil	Ana María Caaveiro Arias
1º Primaria	Rocío Cano Corredoira
2º Primaria	Laura Cabarcos Edreira
3º Primaria	Elisa Dopico Bores
4º Primaria	María Jesús Pérez Cid
5º Primaria A	Purificación Fachal Corbeira
5º Primaria B	Loreto Fernández Cubero
6º Primaria A	Ana Belén Vilar Otero
6º Primaria B	Emma Fernández Vilela
E. Física	Ana Isabel Morales Moya
E. Musical	Juan Marcos Cerezo Suárez
P.T.	Sara Gómez Amado
Inglés	Ana María Rodríguez García
Relixión Católica	Mª Dolores Castro Sixto
Orientación	Gema Campos Tenreiro (compartida con Piñeiros) (Substituída por Cándida Lema Martínez)
AL	María del Carmen Díaz Vargas (comp. con Ceip Piñeiros) Mónica Sánchez de Toca Triviño

5.1.3.- COMISIÓN ECONÓMICA

Directora	Mª del Carmen Vázquez Barreiro
Representante pais/nais	José Antonio Fuentes Lago
Secretaria	Ana Belén Vilar Otero

5.2.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Directora	M ^a del Carmen Vázquez Barreiro
Xefa de Estudos	Laura Cabarcos Edreira
Secretaria	Ana Belén Vilar Otero

5.3.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**5.3.1.- COMISIÓN de COORDINACIÓN PEDAGÓGICA.**

Presidenta	M ^a del Carmen Vázquez Barreiro
Xefa de Estudos	Laura Cabarcos Edreira
Coordinadora Infantil	Verónica Ramos Basoa
1º ciclo	Laura Cabarcos Edreira
2º ciclo	María Jesús Pérez Cid
3º ciclo	Ana Belén Vilar Otero
P.T	Sara Gómez Amado
Orientadora	Gema Campos Tenreiro
A.L	María del Carmen Díaz Vargas
Responsable Biblioteca	Elisa Dopico Bores

5.3.2.- E.D.L.G.

Coordinadora: Verónica Ramos Basoa
Ana María Caaveiro Arias
Rocío Cano Corredoira
Mónica Sánchez de Toca Triviño
Emma Fernández Vilela
Purificación Fachal Corbeira
Laura Cabarcos Edreira
Loreto Fernández Cubero
María Dolores Castro Sixto

5.3.3.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Coordinadora: Ana Isabel Morales Moya
Verónica Ramos Basoa
Laura Cabarcos Edreira
María Jesús Pérez Cid
Ana Belén Vilar Otero

5.3.4. - EQUIPO DE BIBLIOTECA

Coordinadora: Elisa Dopico Bores
M ^a Dolores Castro Sixto
Laura Cabarcos Edreira
Loreto Fernández Cubero
M ^a Carmen Vázquez Barreiro
Ana Isabel Morales Moya
Juan Marcos Cerezo Suárez
Ana Belén Vilar Otero
Berta Grueiro Pérez
Purificación Fachal Corbeira
Ana María Rodríguez García
Emma Fernández Vilela
Ana María Caaveiro Arias

5.3.5. EQUIPO DAS TICS

Coordinadora: Ana María Rodríguez García
Verónica Ramos Basoa
Sara Gómez Amado
Ana Belén Vilar Otero
Purificación Fachal Corbeira
Juan Marcos Cerezo Suárez
Loreto Fernández Cubero
Emma Fernández Vilela

5.3.6. EQUIPO DE CONVIVENCIA

Coordinadora: Laura Cabarcos Edreira
Mónica Sánchez de Toca Triviño
M ^a Carmen Vázquez Barreiro
Ana Belén Vilar Otero
Juan Marcos Cerezo Suárez

FIGURA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA NO CENTRO: LAURA CABARCOS EDREIRA

6.- ESTATÍSTICA

ESTADÍSTICA COMEZO DE CURSO			
CURSO	NENOS	NENAS	TOTAL
4º E. INFANTIL	8	6	14
5º E. INFANTIL	11	7	18
6º E. INFANTIL	5	4	9
TOTAL INFANTIL	24	17	41
1º E. PRIMARIA	10	8	18
2º E. PRIMARIA	11	7	18
3º E. PRIMARIA	14	9	23
4º E. PRIMARIA	17	6	23
5º A E. PRIMARIA	6	7	13
5º B E. PRIMARIA	5	9	14
6º A E. PRIMARIA	7	6	13
6º B E. PRIMARIA	8	5	13
TOTAL PRIMARIA	76	59	135
TOTAL CENTRO	100	76	176

7.-XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO**7.1- HORARIO****7.1.1.-CENTRO**

HORARIO LECTIVO.....DE 09:00 a 14:00 h.

As entradas e saídas se realizarán de xeito graduado para evitar aglomeracións e se farán por distintas portas do centro:

Porta principal do centro: Educación Infantil e 6ºB de primaria.

Porta da rúa Foro (pista): de 1º a 3º de primaria.

Porta de entrada principal: de 4º a 6º A de primaria.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....De 16:00h a 18:00

7.1.2.- PROFESORADO (período lectivo) - ALUMNADO

O horario do profesorado será:

Polas mañás de 09:00 a 14:00 h durante todo o curso mais este curso disporán de dúas horas que non serán presenciais no centro debido á lexislación actual.

Polas tardes os martes serán de obrigada permanencia para todos os compoñentes do Claustro en horario de 16:00 a 19:00 (en caso de que un mércores sexa festivo, o día de obrigada permanencia pola tarde será o luns). Neste día reuniranse os órganos de Coordinación docente co horario que a continuación se adxunta. Este horario será modificado sempre que sexa necesario para o normal desenvolvemento da organización e do funcionamento do Centro. Asemade terase en conta que de 16:00 a 17:00 h. as profesoras e profesores titoras/es e os/as mestres/as especialistas terán atención as familias. Cando non se desenvolvan estas actividades, o profesorado aproveitará para facer tarefas do traballo persoal ou para a realización de traballos relacionados con programas, proxectos, etc. do centro.

O resto das tardes, en horario de 16 a 18 h., dedicaranse á atención da Biblioteca e a reunións de ciclo coa seguinte distribución:

Luns	Equipo de infantil
Mércores	Equipo de 1º ciclo de primaria
Xoves	Equipo de 2º ciclo de Primaria
Venres	Equipo de 3º ciclo de Primaria

Claustros e Consellos Escolares celebraranse sempre os martes pola tarde, agás nos casos en que circunstancias excepcionais así o requiran. As festas e demais celebracións serán ao longo da xornada lectiva. Os horarios dos distintos niveis e cursos así como dos especialistas, equipo directivo, substitucións, quendas de recreo e garda das tardes atópanse a disposición da comunidade educativa na secretaría do centro.

7.1.3.- PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente está composto polas traballadoras do servizo de limpeza, dependentes dunha empresa privada que establece un convenio co Concello; o conserxe, que é persoal do Concello; a auxiliar coidadora, e o auxiliar de conversa.

O servizo de limpeza realizará as súas tarefas fóra do horario lectivo para non dificultar o desenvolvemento das tarefas escolares.

O **horario do conserxe** será o seguinte:

Entrada_____	8:30 h.
Fotocopias_____	9 – 10 h.
Saídas_____	10 – 10,30 h.
Amaños e mantemento_____	10,30-11,30 h.
Recreo_____	11,30 – 12 h.
Fotocopias_____	12 – 13:10 h.
Tarefas de mantemento_____	13:10 – 14 h.
Peche_____	14.15 h.

Este ano foi asignado novamente un auxiliar de conversa ao noso centro. O horario do auxiliar de conversa será o que marca a normativa de 16 horas lectivas repartidas en varios días da semana.

7.2. ATENCIÓN Ó PÚBLICO.**7.2.1. EQUIPO DIRECTIVO**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:00/9:50	Dirección Xef. Estudos Secretaria	Dirección	Secretaria	Dirección Xef. Estudos Secretaria	Xef. Estudos
9:50/10:40		Dirección			Dirección Xef. Estudos
10:40/11:30	Dirección				
11:30/12:00					
12:00/13.10			Secretaria		
13:10/14:00			Dirección		

7.2.2. ANPA

O horario de atención ao público por parte da ANPA será os martes de 9:00 a 9:30.

7.3 QUENDAS DE RECREO**7.3.1. EDUCACIÓN PRIMARIA:**

Horario de primaria: de 11:30 a 12:00 horas.

	LUNS	MARTES	MÉRCORE S	XOVES	VENRES
ROCÍO			1		
LAURA	INF				INF
ELISA	5				5
MARÍA JESÚS				2	2
PURI	4				
LORETO	2			1	
ANA B.			5		3
EMMA		3			4
SARA			3		1
ANA M.			4	4	
MARCOS	3	5			
ANA R.			2		
LOLY	1	1			
CÁNDIDA		2		5	
CARMEN D.		4		3	

ZONAS DE VIXIANZA:

1 Porta Infantil 2 Porta Primaria 3 Pista de area 4 Pista polideportiva 5 Biblioteca

7.3.2. EDUCACIÓN INFANTIL:**Horario: 11:00 – 11:30**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:00 – 11:30		ANA C VERO	BERTA CARMEN	BERTA VERO MÓNICA (PATIOS DINÁMICOS)	
12:00 – 12:30	ANA C LAURA MÓNICA	CARMEN			MÓNICA LAURA ANA C

8.- CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**OUTUBRO****NOVEMBRO****DECEMBRO**

1	4-5 Titorías familias 5-6 BIBLIOTECA/EDLG 6-7 REUNIÓN XERAL	5	4-5 Titorías familias 5-6 CONVIVENCIA/CCP 6-7 REUNIÓN XERAL	3	4-5 Titorías familias 5-6 CONVIVENCIA/CCP 6-7 REUNIÓN XERAL
8	4-7 AVALIACIÓN CERO	12	4-5 Titorías familias 5-6 BIBLIOTECA/EDLG 6-7 REUNIÓN XERAL	9	4-7 AVALIACIÓN
15	4-7 AVALIACIÓN CERO	19	4-5 Titorías familias 5-6 ORIENTACIÓN/AAEE 6-7 REUNIÓN XERAL	10	4-7 AVALIACIÓN
22	4-5 Titorías familias 5-6 ORIENTACIÓN/AAEE 6-7 REUNIÓN XERAL	26	4-5 Titorías familias 5-6 CICLOS/TICS 6-7 REUNIÓN XERAL	17	4-5 Titorías familias 5-6 BIBLIOTECA/EDLG 6-7 REUNIÓN XERAL
29	4-5 Titorías familias 5-6 CICLOS/TICS 6-7 REUNIÓN XERAL				

	XANEIRO		FEBREIRO		MARZO
14	4-5 Titorías familias 5-6 ORIENTACIÓN/AAEE 6-7 REUNIÓN XERAL	4	4-5 Titorías familias 5-6 BIBLIOTECA/EDLG 6-7 REUNIÓN XERAL	11	4-5 Titorías familias 5-6 BIBLIOTECA/EDLG 6-7 REUNIÓN XERAL
21	4-5 Titorías familias 5-6 CICLOS/TICS 6-7 REUNIÓN XERAL	11	4-5 Titorías familias 5-6 ORIENTACIÓN/AAEE 6-7 REUNIÓN XERAL	18	4-5 Titorías familias 5-6 ORIENTACIÓN/AAEE 6-7 REUNIÓN XERAL
28	4-5 Titorías familias 5-6 CONVIVENCIA/CCP 6-7 REUNIÓN XERAL	18	4-5 Titorías familias 5-6 CICLOS/TICS 6-7 REUNIÓN XERAL	24	4-7 AVALIACIÓN
		25	4-5 Titorías familias 5-6 CONVIVENCIA/CCP 6-7 REUNIÓN XERAL	25	4-7 AVALIACIÓN

	ABRIL		MAIO		XUÑO
1	4-5 Titorías familias 5-6 CICLOS/TICS 6-7 REUNIÓN XERAL	6	4-5 Titorías familias 5-6 CICLOS/TICS 6-7 REUNIÓN XERAL	3	4-5 Titorías familias 5-6 CICLOS/TICS 6-7 REUNIÓN XERAL
8	4-5 Titorías familias 5-6 CONVIVENCIA/CCP 6-7 REUNIÓN XERAL	13	4-5 Titorías familias 5-6 CONVIVENCIA/CCP 6-7 REUNIÓN XERAL	10	4-5 Titorías familias 5-6 CONVIVENCIA/CCP 6-7 REUNIÓN XERAL
22	4-5 Titorías familias 5-6 BIBLIOTECA/EDLG 6-7 REUNIÓN XERAL	20	4-5 Titorías familias 5-6 BIBLIOTECA/EDLG 6-7 REUNIÓN XERAL	17	4-5 Titorías familias 5-6 BIBLIOTECA/EDLG 6-7 REUNIÓN XERAL
29	4-5 Titorías familias 5-6 ORIENTACIÓN/AAEE 6-7 REUNIÓN XERAL	27	4-5 Titorías familias 5-6 ORIENTACIÓN/AAEE 6-7 REUNIÓN XERAL	23	4-7 AVALIACIÓN
				25	4-7 AVALIACIÓN

Este calendario podería ser modificado ao longo do curso en función das necesidades organizativas inherentes ao funcionamento do centro

9.- LIBROS E MATERIAIS CURRICULARESEDUCACIÓN INFANTIL

SEN LIBROS

1º E. PRIMARIA

MATERIA	ISBN	TITULO	EDITORIAL	AUTOR	ANO
LECTURAS CASTELÁN	978-84-680-6793-3	1x8. Ocho libros en uno. Itinerarios de lectura 1.	Santillana	E. Editorial	2023
INGLÉS	NON SE UTILIZARÁ LIBRO DE TEXTO				
MÚSICA	NON SE UTILIZARÁ LIBRO DE TEXTO				
RELIXIÓN	978-84-683-57164	RELIGIÓN CATÓLICA. DE OTRA MANERA	Edebé		2022

2º E. PRIMARIA

MATERIA	ISBN	TÍTULO	EDITORIAL	AUTOR	ANO
MATEMÁTICAS	978-84-144-0885-8	Mate +. Matemáticas para Pensar. Serie práctica.	Santillana	E. Editorial	2023
INGLÉS	NON SE UTILIZARÁ LIBRO DE TEXTO				
MÚSICA	NON SE UTILIZARÁ LIBRO DE TEXTO				
RELIXIÓN	978-84-683-6458-2	Religión Católica. Enlazados. Castellano 2.	Edebé		2023

3º E. PRIMARIA

MATERIA	ISBN	TÍTULO	EDITORIAL	AUTOR	ANO
MATEMÁTICAS	978-84-680-7136-7	CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA	Santillana	E. Editorial	2022
CC SOCIAIS	978-84-9185-416-6	CONSTRUINDO MUNDOS	Santillana	E. Editorial	2022
CC DA NATUREZA	978-84-9185-410-4	CONSTRUINDO MUNDOS	Santillana	E .Editoria l	2022
LENG.CASTELLANA	978-84-680-7201-2	CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA	Santillana	E.Editorial	2022
LING.GALEGA	978-84-9185-409-8	CONSTRUINDO MUNDOS	Santillana	E. Editorial	2022
RELIXIÓN	978-84-683-5872-7	RELIGIÓN CATÓLICA. DE OTRA MANERA	Edebé		2022
INGLÉS	NON SE EMPREGARÁ LIBRO DE TEXTO				
MÚSICA	NON SE EMPREGARÁ LIBRO DE TEXTO				

4º E. PRIMARIA

MATERIA	ISBN	TÍTULO	EDITORIAL	AUTOR	ANO
MATEMÁTICAS PENDENTE DE FONDO LIBROS	978-84-144-0769-1	CONSTRUYENDO MUNDOS.	SANTILLANA	E. EDITORIAL	2023
CC SOCIAIS PENDENTE DE FONDO LIBROS	978-84-9185-698-6	CONSTRUYENDO MUNDOS.	SANTILLANA	E. EDITORIAL	2023
CC DA NATUREZA PENDENTE DE FONDO LIBROS	978-84-9185-692-4	CONSTRUYENDO MUNDOS.	SANTILLANA	E. EDITORIAL	2023
LENG.CASTELLAN A PENDENTE DE FONDO LIBROS	978-84-144-0738-7	CONSTRUYENDO MUNDOS.	SANTILLANA	E. EDITORIAL	2023
LING.GALEGA PENDENTE DE FONDO LIBROS	978-84-9185-705-1	CONSTRUYENDO MUNDOS.	SANTILLANA	E. EDITORIAL	2023
RELIXIÓN PENDENTE DE FONDO LIBROS	978-84-683-6459-9	Religión Católica. Enlazados. Castellano 4	Edebé		2023
INGLÉS	NON SE EMPREGARÁ LIBRO DE TEXTO				
MÚSICA	NON SE EMPREGARÁ LIBRO DE TEXTO				

5º e 6ª E. PRIMARIA**EDIXGAL**

10.- ETAPAS E CENTRO PLURILINGÜE**10.1 EDUCACIÓN INFANTIL**

Titoría 3 anos	Berta Grueiro Pérez (substitúe Lara González Estévez)
Titoría 4 anos	M ^a Carmen Vázquez Barreiro (substitúe María Fernández Saavedra)
Titoría 5 anos	Verónica Ramos Basoa
Apoio	Ana María Caaveiro Arias
Mestre Educación Musical	Juan Marcos Cerezo Suárez
Mestra de Audición e Linguaxe	Mónica Sánchez de Toca Triviño
Especialista en psicomotricidade	Ana Isabel Morales Moya
Especialista en educación musical	Juan Marcos Cerezo Suárez
Especialista en lingua estranxeira	Loreto Fernández Cubero
Mestra de relixión	M ^a Dolores Castro Sixto

OBXECTIVOS

No artigo 7º do decreto 150/2022 indícase que a educación infantil contribuirá a desenvolver as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

COMPETENCIAS CLAVE

No novo currículo, enténdense as competencias clave como desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

No anexo I do Decreto 150/2022 establécense as competencias clave da etapa, que son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

METODOLOXÍA

O currículo de educación infantil establece que *“os métodos de traballo en ambos os ciclos basearanse nas experiencias, nas actividades e no xogo, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social”*. Polo tanto este será o eixo fundamental da metodoloxía empregada nas nosas aulas.

A base da nosa metodoloxía supón dentro da práctica diaria unha atención adecuada á diversidade imperante, é dicir, a correcta aplicación do seu significado, impregnando o proceso educativo dun adecuado clima de afecto, baseado no diálogo e na comprensión, así como na atención ás características propias de cada un dos alumnos e alumnas que compoñen a nosa aula, será clave na atención ás necesidades de tódolos alumnos que forman parte do grupo.

Como en anos anteriores, neste curso realizaremos actividades que permitan a interrelación entre os distintos niveis e etapas que conforman o alumnado do noso colexio. Á hora de levar á práctica esta programación partimos das aprendizaxes previas do alumnado có fin de alcanzar aprendizaxes significativas. Baseámonos na pedagogía do éxito, realizando actividades que os nenos e nenas sexan capaces de acadar e para iso partimos da súa zona de desenvolvemento próximo, co fin de que poidan ampliar os seus coñecementos de forma progresiva e melloren a súa autoestima e o seu autoconceito. Con esa finalidade, traballaremos a educación emocional que lles permitirá mellorar tamén as súas

relacións cos outros. Para isto apoiarémonos no traballo por ambientes, tal e como levamos á cabo o curso pasado e que tan bos resultados proporcionou.

Por outra banda no referido ao material empregado nas aulas os tres niveis de educación infantil continuarán coa metodoloxía baseada na elaboración de **proxectos e secuencias didácticas**, proxectos e unidades que xurdan a nivel de aula/ ciclo en función dos propios intereses dos nenos e nenas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Atendendo ao Decreto 150/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 30 de maio de 2023, defínense os criterios de avaliación como referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias.

A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

A continuación expoñemos os **criterios mínimos**, para o 2º ciclo de educación infantil:

- ◆ Adquirir autonomía en hábitos e actividades habituais: vestimenta, alimentación, hixiene...
- ◆ Coñecer os números do 0 ao 9.
- ◆ Realizar seriacións.
- ◆ Identificar as cores.
- ◆ Recoñecer as formas: círculo, cadrado, rectángulo, triángulo.
- ◆ Coñecer as nocións espaciais: dentro/fora, arriba/abaixo, diante/ detrás ...
- ◆ Coñecer as nocións temporais: antes/ despois ...
- ◆ Coñecer os cuantificadores: grande/ pequeno ...
- ◆ Identificación en maiúscula vogais e consoantes.
- ◆ Iniciarse na escritura en maiúscula.
- ◆ Recoñecer palabras significativas para o neno ou nena: nome propio, nome dos compañeiros e compañeiras, outras palabras significativas ...
- ◆ Iniciarse no manexo das novas tecnoloxías.

ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Nesta programación incluímos este apartado considerando a importancia que ten o período de adaptación na etapa de educación infantil como momento inicial da escolarización cunhas características propias avaladas e reguladas na lexislación actual.

Na Orde do 22 de xullo de 1997 regúlanse os aspectos que o regulan:

- Actividades específicas
- Agrupamentos flexibles
- Flexibilización de horario
- Participación/colaboración das familias

Actualmente a orde anual do calendario escolar, neste caso a Orde do 12 de Abril de 2024 é a que indica a duración máxima do período de adaptación (neste curso ata o 17 de setembro), para os nenos e nenas de 4º curso do segundo ciclo de EI.

Para organizar o período de adaptación haberá unha reunión coas familias no mes de maio/xuño na que se explicarán aspectos fundamentais como organización do período de adaptación, consellos para o verán e solucionar todas aquelas dúbidas ou inqedanzas que existan por parte dos familiares. No mes de setembro comunicarase as familias os horarios e grupos para poder levar a cabo o período de adaptación.

Por parte do equipo de ciclo existen certos criterios que primarán á hora de para confeccionar horarios e agrupar nenos/as:

- Nenos/as que teñen contacto con outros nenos e nenas do centro (irmáns, veciños...)
- Nenos/as que teñen irmáns no centro
- Nenos/as que traballan os dous proxenitores
- Nenos/as que non foron a escola infantil
- Outras circunstancias

Por parte da titora tentarase artellar un horario que se adapte as circunstancias citadas anteriormente, sempre e cando sexa posible. Nembargante, a organización do período de adaptación dependerá do titor ou titora, podendo no caso de non ser posible a realización dun horario axeitado as circunstancias e necesidades das familias empregar a orde alfabética ou outros criterios considerados axeitados como medio para agrupar aos alumnos e organizar os horarios.

ACTIVIDADES: SAÍDAS, VISITAS, ACTIVIDADES DO CONCELLO E DO COLEXIO**1º TRIMESTRE****Saídas e visitas**

- ✓ Teatro no auditorio de Narón.
- ✓ Cine na derradeira semana do trimestre.

Actividades da escola

- ✓ Samaín: Decoración de cabazas, visita á exposición de cabazas.

- ✓ Magosto.
- ✓ Festa fin de ano.

2º TRIMESTRE

Saídas e visitas

- ✓ Actividades do Concello.
- ✓ Saída á Casa do Home.

Actividades da escola

- ✓ Día da Paz.
- ✓ Entroido.

3º TRIMESTRE

Saídas e visitas

- ✓ Participación en Intercentros.
- ✓ Actividades do Concello (Maio).
- ✓ Visita a Marcelle.
- ✓ Saída fin de curso: Praia de Cabanas

Actividades da escola

- ✓ Día do Libro.
- ✓ Letras Galegas: Elaboración do xornal da escola.
- ✓ Festa Fin de Curso.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

En caso de necesidade de actividade non presencial, as medidas serán as seguintes:

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforsen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Manter contacto diario coas familias a través de manter videoconferencias mediante a plataforma cisco webex, correo electrónico ou chamadas telefónicas.

b) A información xeral do centro estará subida na web do centro dentro de cada un dos apartados correspondentes: xeral, por ciclo ou nivel.

c) Na aula virtual do centro subimos vídeos ou actividades dixitais que teñen ao seu alcance ao rexistrarse como o fan habitualmente.

d) As tarefas diarias serán enviadas por correo electrónico, ademais de subilas á web e aula virtual.

e) As familias mandarán por correo electrónico os resultados das tarefas sinaladas, poden ser as propias tarefas ou fotos e vídeos da súa realización.

f) Atender todas aquelas propostas que a administración educativa presente neste tempo de actividade non presencial.

10.2.- 1º CICLO DE E.P.**EQUIPO DOCENTE**

TITORA DE 1º CURSO	ROCÍO CANO CORREDOIRA
TITORA DE 2º CURSO	LAURA CABARCOS EDREIRA
ESPECIALISTA DE PLÁSTICA (PLURILINGÜE)	PURIFICACIÓN FACHAL CORBEIRA
ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN MUSICAL	JUAN MARCOS CEREZO SUÁREZ
ESPECIALISTA EN LINGUA ESTRANXEIRA	ANA MARÍA RODRÍGUEZ GARCÍA
ESPECIALISTA DE EDUCACIÓN FÍSICA	ANA ISABEL MORALES MOYA
ESPECIALISTA DE RELIXIÓN	Mª DOLORES CASTRO SIXTO

REUNIÓN

Celebraremos unha reunión coas familias ao comezo de curso na que se explicarán as normas de funcionamento do centro e os aspectos básicos do curso correspondente. Esta reunión terá lugar antes do comezo do curso e durante os primeiros días de permanencia no centro dos docentes, coa idea de poder aportar ás familias toda a información posible. Ademais, no caso do 1º curso a reunión farase coa intención de concretar aspectos propios do cambio de etapa.

Cada martes, sempre que a familia ou a titora o solicite, celebraranse reunións coas familias para facer o seguimento da evolución de cada alumno ou alumna. Estas realizaranse ben de xeito presencial ou por vía telemática/telefónica, concertándose unha cita previa. Os titores e titoras tamén facilitarán un correo electrónico de contacto a principio de curso. Ademais e dado que os dous cursos funcionaremos como ciclo, as titoras teremos reunións semanais para poder organizar os proxectos e certas actividades que se levarán a cabo seguindo unha mesma liña de traballo en ámbolos dous cursos.

OBXECTIVOS

- Conseguir a motivación do alumnado polas actividades escolares.
- Amosar hábitos de orde e limpeza tanto no traballo de aula como no día a día da mesma.
- Valorar a lectura e as TIC como fonte de información e gozo.
- Valorar a convivencia en harmonía tanto dentro como fóra da aula, intentando resolver os problemas dun xeito positivo e o máis autónomo posible.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ámbalas dúas linguas. Asemade, potenciar a aprendizaxe da lingua inglesa fomentando a exposición do alumnado á mesma.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

METODOLOXÍA

En canto á METODOLOXÍA a utilizar débese comentar que será de tipo participativo e cooperativo. Estará baseada en proxectos que irán paralelos á utilización doutros recursos como as actividades dixitais ou a experimentación directa. En xeral, a metodoloxía será de tipo lúdico e práctico, intercalando actividades individuais e grupais, xa que é importante o traballo individual pero tamén o colectivo, onde os nenos/as aprendan a compartir as ideas, respectar as opinións dos demais e a colaborar. Tamén se fomentará o traballo de investigación e sempre que sexa posible a colaboración coas familias, a través das visitas e grupos interactivos.

O uso das TIC é un elemento que nos permitirá favorecer a construción de aprendizaxes e no que nos centraremos co fin de crear destrezas no alumnado que lles permitan ser máis autónomos no caso dunha transición posible ao ensino non presencial.

Así, a metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas que favorecen a comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes, conectando coa adquisición das competencias.
- Exercicios e actividades diversificadas.
- Traballo individual e en grupo, tarefas diversificadas e integradas. Todo secuenciado por niveis de dificultade, abordando a diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e favorecendo a adquisición de competencias para todos os alumnos.

Asemade, os grupos contarán novamente este ano coa sección plurilingüe e recibirán a clase de Plástica en inglés co apoio ademais dun auxiliar de conversa durante todo o curso en certas sesións de inglés, plástica ou momentos de lectura.

AVALIACIÓN

Levarase a cabo unha avaliación do alumnado que será global, continua, formativa e terá en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado, estableceráanse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades. É importante destacar o uso xeralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados as distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado (diario de aula, escalas de observación, listas de cotexo, exercicios orais e escritos, caderno de aula, xogos interactivos...)

Nos primeiros días levarase a cabo unha Avaliación inicial, para poder analizar o punto de partida do alumnado, polo que será o punto de referencia para a toma de decisións na programación de aula, así

como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas en cada momento.

Ademais tamén se desenvolverá unha avaliación da práctica docente ao longo do curso que permitirá mellorar a calidade da educación proporcionada ao alumnado.

Durante o curso, empregaranse principalmente os seguintes procedementos de avaliación:

- Técnica de observación do traballo do alumnado nos diferentes tipos de agrupamentos e da súa participación nas actividades de aula.
- Técnica de resolución de problemas e de solicitude de produtos en relación aos contidos das materias e ao grao de adquisición competencial.

Deste xeito, os resultados da avaliación expresaranse empregando os termos IN (calificacións negativas) e SU, BE, NT ou SB (calificacións positivas). A estos termos, engadiremos, con carácter informativo, unha calificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do 1 ao 10.

Os resultados da avaliación das competencias clave expresaranse nos mesmos termos que se establecen para os resultados de avaliación da área e será o equipo docente, coordinado pola persoa titora, quen consignará na acta de avaliación final as cualificacións das mesmas.

Os instrumentos de avaliación serán variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. Así os máis utilizados serán:

- Rexistro anecdótico.
- Listas de cotexo.
- Escalas de observación.
- Escalas estimativas.
- Rúbricas.

Ademais, ao finalizar o segundo curso e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio da titora. Non obstante, a permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe.

A promoción no 1º curso de Educación Primaria será automática. Porén, o alumnado que promocióne tendo cualificación negativa nalgunha área, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

Ao finalizar o segundo curso da etapa a titora emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, no seu caso, as medidas de reforzo necesarias.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas para atender á diversidade poderán ser ordinarias ou extraordinarias, priorizando, sempre que sexa posible, as primeiras. Entre elas, podemos destacar as seguintes:

-Adecuación da estrutura, organización e xestión da aula ás características do alumnado.

-Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e certos proxectos de traballo.

-Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.

-Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de ter alumnado que precise outro tipo de medidas, por resultar insuficientes as anteriores, manteremos un contacto máis pormenorizado co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e seguimento da súa evolución. Así, levaranse a cabo os apoios, fóra ou dentro da aula, por parte do profesorado especialista en PT e AL do centro que se consideren necesarios para abordar estas dificultades. Nos casos xa diagnosticados intentarase continuar coas medidas de atención á diversidade iniciadas no curso anterior sempre que sexa necesario. Ademais se colaborará con entidades externas en caso de que o alumnado asista a elas, intentando manter unha comunicación fluída e levar a cabo un traballo conxunto co fin de prestarlle o maior apoio posible a ese alumnado.

Ademais, hai que ter en conta que a propia metodoloxía baseada en proxectos xa é unha excelente ferramenta de atención á diversidade xa que nos permite adaptarnos ás necesidades de cada un dos nosos alumnos/as ofrecéndolles diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Tamén o traballo mediante aprendizaxe cooperativo permite a inclusión de todo o alumnado xa que este é o seu obxectivo último.

PLAN LECTOR

Dedicaremos 30 minutos de cada día á lectura de libros prestados da biblioteca do centro, para o fomento da lectura e o uso dos fondos do mesmo. Tamén poderán traer libros da casa ou utilizar os existentes na biblioteca de aula.

No 1º trimestre e especialmente no caso do 1º curso, será a mestra ou mestre que estea con eles quen lles lea os contos para fomentar o interese pola lectura e, xa no 2º trimestre, se comezará a traballar coa lectura individual dado que o alumnado xa terá máis adquirida esta competencia.

A totalidade do alumnado levará nun momento do curso unha mochila viaxeira que portará diferentes opcións lectoras para os/as nenos/as e as súas familias, así como unha proposta de xogo de mesa e un xogo tradicional.

PROXECTOS / DINAMIZACIÓNS

O Proxecto Lingüístico no que se fomentará a expresión oral por parte dos alumnos a partires de xogos de vocabulario, expresión das súas vivencias cotiás, lectura en voz alta de distintos tipos de texto, cantigas e poemas, ... Ademais, se realizarán actividades de descrición oral, de comprensión de textos orais e de estimulación da linguaxe oral. Tamén se promoverá que o alumnado conte contos que traia da casa ou teña creados ó resto dos/as compañeiros/as.

Nos proxectos propostos se intentará e fomentará que as exposicións orais que realice o alumnado sexan en lingua galega para facilitar a adquisición a nivel oral desta lingua.

A Educación en valores é outra das propostas interdisciplinares que se levará a cabo durante o curso. Esta formará parte da vida diaria da aula aínda que se realizarán actividades específicas dirixidas a fomentar valores. Nos casos de conflito, o alumnado deberá atender ás normas de aula elaborados por eles mesmos ou buscar en conxunto as posibles solucións que se lles ocorran a eses problemas e, deste xeito, deben intentar buscar eles/as mesmos /as a solución aos seus conflitos.

Se intentará involucrar ás familias nos proxectos para que fomenten a lingua galega e os valores nas casas a partires de diferentes propostas. Tamén buscaremos a colaboración solidaria no barrio mediante o coñecemento e colaboración directa con entidades da zona.

En canto ó Fomento da lectura, cada día, despois do recreo e durante 30 minutos levaranse a cabo actividades de lectura de distintos tipos: lectura colectiva, lectura individual, xogos de lectura e escoita de contos por parte dos mestres. Esta lectura será tanto en galego como en castelán intentando dedicar o mesmo tempo a ámbalas dúas linguas. Ademais, durante este curso tamén se traballarán contos en inglés como parte da sección plurilingüe, para así mellorar e fomentar a lectura de contos sinxelos neste idioma.

Por outra banda, a aula dispón dunha biblioteca de aula que é utilizada polo alumnado no tempo de lecer e que se complementará con contos que o alumnado colla na biblioteca de centro. Ademais se incluírán na biblioteca de aula tódolos contos e narracións creadas polo alumnado para que poidan compartilos cos compañeiros e compañeiras. Tamén atendendo a un horario establecido, o alumnado irá á biblioteca do centro a realizar actividades de procura de información en libros, empréstitos para levar a casa ou lectura libre para gozar dos momentos de descanso.

Para o Fomento das TIC utilizaranse recursos deseñados polos docentes especificamente para o desenvolvemento das unidades. Estas actividades diríxense ás áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas e Ciencias Sociais e Naturais, e se traballarán con elas moitos dos contidos propios deste curso. Tamén se utilizarán fichas dixitais, xogos e recursos audiovisuais das distintas áreas de coñecemento. Se traballarán, sobre todo, os recursos da páxina web e da Aula Virtual do centro relacionados con este curso ou outros que sexan incluídos como parte dos proxectos de centro ou de aula, e se o desenvolvemento do curso escolar o permite se dedicará unha hora semanal á utilización dos ordenadores por parte do alumnado para realizar actividades de reforzo dos contidos. Na aula se disporá

dun taboleiro dixital que servirá para exposicións e como pizarra na que o alumnado poderá realizar actividades dixitais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En canto ás ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES aproveitaranse principalmente as saídas organizadas polo concello no curso 24/25.

Ademais, está previsto que se continúen a traballar e celebrar dende o centro as seguintes:

1º trimestre:

Actividades propostas sobre Samaín e Magosto.

Teatro no Pazo da Cultura.

Actividades de Nadal do centro e envío de postais.

Saída ao Cine.

2º trimestre:

Día da Paz.

Actividades propostas sobre Entroido.

3º trimestre:

Os Maios.

Encontro ABX.

Feira de Proxectos.

Saída á praia.

Estas actividades están suxeitas a posibles modificacións e, tamén, a outras posibles actividades que vaian xurdindo ó longo do curso e que sexan

interesantes para o desenvolvemento dos contidos impartidos. Estas modificacións serán relacionadas na memoria final de curso.

10. 3- 2º CICLO DE E.P.**EQUIPO DOCENTE**

TITORA DE 3º CURSO	ELISA DOPICO BORES
TITORA DE 4º CURSO	MARÍA JESÚS PÉREZ CID
ESPECIALISTA DE PLÁSTICA (PLURILINGÜE)	PURIFICACIÓN FACHAL CORBEIRA
ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN MUSICAL	JUAN MARCOS CEREZO SUÁREZ
ESPECIALISTA EN LINGUA ESTRANXEIRA	ANA MARÍA RODRÍGUEZ GARCÍA
ESPECIALISTA DE EDUCACIÓN FÍSICA	ANA ISABEL MORALES MOYA
ESPECIALISTA DE RELIXIÓN	DOLORES CASTRO SIXTO
ESPECIALISTA DE PT	SARA GÓMEZ AMADO
ESPECIALISTA DE AL	CARMEN DÍAZ VARGAS
XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	GEMA CAMPOS TENREIRO (substituída por Cándida Lema Martínez)

REUNIÓN

Celebraremos unha reunión ao comezo de curso na que se explicarán as normas de funcionamento do centro e aspectos básicos do curso correspondente. Esta reunión terá lugar ao inicio de curso para poder aportar ás familias toda a información posible e resolver dúbidas relacionadas co funcionamento do centro durante este curso. Cada martes, sempre que a familia ou o/a titor/a o solicite, celebraranse reunións coas familias para facer o seguimento da evolución de cada alumno ou alumna. Estas reunións serán preferentemente presenciais e, no caso de que non sexa posible, faranse de xeito telefónico. Levaranse a cabo ademais as reunións de ciclo que se consideren precisas, intentando que se fagan de xeito semanal ou polo menos dúas veces ao mes, ademais das establecidas pola xefatura de estudos, para traballar durante este curso xa que se pretende seguir traballando como ciclo en canto a proxectos a levar a cabo. As saídas intentarase facer en conxunto e se dirixirán ás temáticas dos proxectos traballados ou aos intereses do alumnado.

OBXECTIVOS

- Conseguir a motivación do alumnado polas actividades escolares, traballando moito a educación emocional, o coidado de si mesmo e o coñecemento da contorna.
- Amosar hábitos de orde e limpeza tanto no traballo de aula como no día a día da mesma .
- Valorar a lectura e as TIC como fonte de información e disfrute.

- Valorar a convivencia en harmonía tanto dentro como fóra da aula, intentando resolver os problemas dun xeito positivo e o máis autónomo posible.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Comentar o traballo cooperativo e amosarlles a importancia do equipo á hora de facer tarefas.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas. Ademais se fomentará o uso da lingua inglesa coa colaboración dun auxiliar de conversa.
- Utilizar e aproveitarse, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

METODOLOXÍA

Estará baseada no respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe e no principio de aprender a aprender, promovendo deste xeito unha aprendizaxe eficaz e así conseguir desenvolver as competencias básicas que toda persoa necesita para desenvolverse na súa vida cotiá segundo as súas necesidades. Tamén será significativa, partindo dos coñecementos previos, conectarémolos cos novos, e tendo en conta os intereses dos alumnos. É importante que sexa motivadora, propiciando unha actitude positiva cara ás actividades propostas e conectando co seus intereses.

En xeral, a metodoloxía será expositiva e colaborativa, buscando sempre a participación do alumnado e a menor participación do profesorado, o cal actuará como mediador das aprendizaxes na medida do posible. Buscarase ademais traballar os contidos cunha metodoloxía cooperativa na que o alumnado se comprometa coa súa aprendizaxe. Tamén se fomentará o traballo autónomo e responsable por parte do alumnado.

AVALIACIÓN

Farase unha avaliación continua ao longo do curso, aínda que existirán tres momentos avaliativos ben diferenciados:

- Avaliación inicial ao comezo do curso para poder analizar o punto de partida do alumnado. Nesta avaliación avaliaranse aqueles contidos traballados durante o curso pasado facendo especial fincapé nas áreas instrumentais. Mediante probas, observación, e entrevistas constataremos o punto de partida do alumnado
- Avaliacións trimestrais: cada trimestre terá lugar unha avaliación na que se avaliarán áreas e competencias tendo en conta os datos recollidos ao longo do trimestre a través de controles dos temas, traballos, resumos, listas de observación, produción e calquera outro instrumento de avaliación axeitado

para este fin. A avaliación será en base ao grao de adquisición das competencias eo logro dos obxectivos, segundo os criterios de avaliación.

- Probas diagnósticas en diferentes momentos do proceso de ensino - aprendizaxe para valorar o grao de adquisición dos contidos traballados.

- Avaliación final para comprobar o grao de adquisición das competencias básicas.

A cualificación provirá dos resultados acadados na avaliación dos estándares de aprendizaxe traballados e o grao de adquisición das competencias básicas.

Ademais tamén se levará a cabo unha avaliación da práctica docente ao longo do curso que permitirá mellorar a calidade da educación proporcionada ao alumnado.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS:

Adaptación Curricular Individualizada. (AC) ou Reforzo Educativo (RE)

Reunión coas familias do alumnado para recoller información e poder trazar os plans de actuación precisos.

Flexibilización de espazos, recursos, tempos e agrupacións.

Actividades de reforzo adaptadas ás necesidades específicas que presenten.

Flexibilización curricular non significativa, por exemplo no instrumento de avaliación a empregar ou no tempo de realización.

Participación do profesorado de apoio na atención a este alumnado.

2. ESTRATEGIAS ORGANIZATIVAS:

Situar ó alumnado con necesidades en lugares moi accesibles á atención da mestra.

Facer agrupamentos flexibles que poidan favorecer a aprendizaxe do alumnado con necesidades.

Contar con profesorado de apoio dentro e fóra da aula.

Coordinación co Departamento de Orientación do centro na atención ó alumnado con NEAE.

PLAN LECTOR

Dedicaremos 30 minutos de cada día á lectura de libros prestados da biblioteca do centro, da biblioteca de aula ou libros que traian da casa para o fomento e disfrute da lectura. Durante este curso, o alumnado poderá asistir á biblioteca nos recreos e cada curso disporá de dúas horas no seu horario para facer préstamo dos libros da biblioteca. Os libros de consulta poderá collelos o profesorado para traballar na aula ou o alumnado para utilizalos nas sesións de biblioteca.

Contémplase a compra dunha ou dúas obras de lectura común e solicitar a visita do autor. Ademais se fará unha lectura colectiva dun ou varios libros.. Levaranse a cabo diversas actividades, traballos e animacións a partir da lectura do libros.

PROXECTOS / DINAMIZACIÓNS**TICS:**

Hai na aula un ordenador destinado á utilización por parte do profesorado para amosar recursos e levar a cabo as sesións. Ademais tamén contamos cun panel dixital interactivo para poder levar a cabo tarefas de visualización de documentos ou materiais de tipo informático para complementar os contidos que se traballan. En xeral as exposicións levaranse a cabo coa proxección dos libromedia no encerado para fomentar a participación do alumnado. Tamén se participará na web do centro como medio de apertura das actividades docentes ó exterior.

PROXECTOS:

O 2º ciclo participará no PDI fomentado polo equipo da biblioteca dirixida á transformación do patio de recreo.

DINAMIZACIÓNS:

O profesorado do 2º ciclo está presente en todas as dinamizacións do centro para trasladar nas mesmas as necesidades do ciclo e poder trasladar a información das mesmas a todo o profesorado e alumnado de 3º e 4º de primaria.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Nesta PXA imos comentar aquelas saídas que temos planificadas de antemán pero se terán en conta aquelas actividades que vaian sendo ofertadas ao longo de curso. Algunhas das actividades propostas para este curso son:

- Teatro do Concello
- Visita á Torre de Hércules e Castro de Viladonga.
- Dinamización dunha lectura feita na clase.
- Viaxe fin de curso. Posiblemente todo o centro irá a praia de Cabanas.
- Participación no Certame Intercentros.

10.4- 3º CICLO DE E.P.

TITORA DE 5º CURSO A	PURIFICACIÓN FACHAL CORBEIRA
TITORA DE 5º CURSO B	LORETO FERNÁNDEZ CUBERO
TITOR DE 6º CURSO A	ANA BELÉN VILAR OTERO
TITORA DE 6º CURSO B	EMMA FERNÁNDEZ VILELA
ESPECIALISTA DE PLÁSTICA (PLURILINGÜE)	PURIFICACIÓN FACHAL CORBEIRA
ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN MUSICAL	JUAN MARCOS CEREZO SUÁREZ
ESPECIALISTA EN LINGUA ESTRANXEIRA	ANA MARÍA RODRÍGUEZ GARCÍA
ESPECIALISTA DE EDUCACIÓN FÍSICA	ANA ISABEL MORALES MOYA
ESPECIALISTA DE RELIXIÓN	Mª DOLORES CASTRO SIXTO

REUNIÓNS

Celebraremos unha reunión ao comezo de curso na que se explicarán as normas de funcionamento do centro e aspectos básicos do curso correspondente. Esta reunión terá lugar ao inicio de curso para poder aportar ás familias toda a información posible e resolver dúbidas relacionadas co funcionamento do centro durante este curso. Estas reunións faranse con todo o grupo aínda que tanto 5º como 6º están desdoblados.

Cada martes, sempre que a familia ou a titora o solicite, celebraranse reunións coas familias para facer o seguemento da evolución de cada alumno ou alumna. Estas reunións serán preferentemente presenciais e, no caso de que non sexa posible, faranse de xeito telefónico ou por videoconferencia.

Levaranse a cabo ademais as reunións de ciclo que se consideren precisas, intentando que se fagan de xeito semanal ou polo menos dúas veces ao mes, ademais das establecidas pola xefatura de estudos, para traballar durante este curso xa que se pretende seguir traballando como ciclo en canto a proxectos a levar a cabo.

OBXECTIVOS

- Conseguir a motivación do alumnado polas actividades escolares, traballando moito a educación emocional, o coidado de si mesmo e o coñecemento da contorna.
- Amosar hábitos de orde e limpeza tanto no traballo de aula como no día a día da mesma .
- Valorar a lectura e as TIC como fonte de información e disfrute.
- Valorar a convivencia en harmonía tanto dentro como fóra da aula, intentando resolver os problemas dun xeito positivo e o máis autónomo posible.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- Fomentar o traballo cooperativo e amosarlles a importancia do equipo á hora de facer tarefas.

- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas. Ademais se fomentará o uso da lingua inglesa coa colaboración dun auxiliar de conversa.

- Utilizar e aproveitarse, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran. Todo o ciclo participa en E-dixgal, fomentando máis aínda as aprendizaxes dixitais.

METODOLOXÍA

Estará baseada no respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe e no principio de aprender a aprender, promovendo deste xeito unha aprendizaxe eficaz e así conseguir desenvolver as competencias básicas que toda persoa necesita para desenvolverse na súa vida cotiá segundo as súas necesidades. Tamén será significativa, partindo dos coñecementos previos, conectarémolos cos novos, e tendo en conta os intereses dos alumnos. É importante que sexa motivadora, propiciando unha actitude positiva cara ás actividades propostas e conectando co seus intereses.

En xeral, a metodoloxía será expositiva e colaborativa, buscando sempre a participación do alumnado e a menor participación do profesorado, o cal actuará como mediador das aprendizaxes na medida do posible. Buscarase ademais traballar os contidos cunha metodoloxía cooperativa na que o alumnado se comprometa coa súa aprendizaxe. Tamén se fomentará o traballo autónomo e responsable por parte do alumnado.

AVALIACIÓN

Farase unha avaliación continua ao longo do curso, aínda que existirán tres momentos avaliativos ben diferenciados:

- Avaliación inicial ao comezo do curso para poder analizar o punto de partida do alumnado. Nesta avaliación avaliaranse aqueles contidos traballados durante o curso pasado facendo especial fincapé nas áreas instrumentais. Mediante probas, observación, e entrevistas constataremos o punto de partida do alumnado

- Avaliacións trimestrais: cada trimestre terá lugar unha avaliación na que se avaliarán áreas e competencias tendo en conta os datos recollidos ao longo do trimestre a través de controles dos temas, traballos, resumos, listas de observación, produción e calquera outro instrumento de avaliación axeitado para este fin. A avaliación será en base ao grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos, segundo os criterios.

- Probas diagnósticas en diferentes momentos do proceso de ensino - aprendizaxe para valorar o grao de adquisición dos contidos traballados.

- Avaliación final para comprobar o grao de adquisición das competencias básicas. En 6º curso haberá a avaliación final de etapa, nos termos que a consellería estableza. A partir desta avaliación se elaborará un informe final de ciclo.

A cualificación provirá dos resultados acadados na avaliación dos criterios de avaliación e o grao de adquisición das competencias básicas.

Ademais tamén se levará a cabo unha avaliación da práctica docente ao longo do curso que permitirá mellorar a calidade da educación proporcionada ao alumnado.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS:

- Adaptación Curricular Individualizada. (ACI) ou Reforzo Educativo (RE)
- Reunión coas familias do alumnado para recoller información e poder trazar os plans de actuación precisos.
- Flexibilización de espazos, recursos, tempos e agrupacións.
- Actividades de reforzo adaptadas ás necesidades específicas que presenten.
- Flexibilización curricular non significativa, por exemplo no instrumento de avaliación a empregar ou no tempo de realización.
- Participación do profesorado de apoio na atención a este alumnado.

ESTRATEGIAS ORGANIZATIVAS:

- Situar ó alumnado con necesidades en lugares moi accesibles á atención da mestra.
- Facer agrupamentos flexibles que poidan favorecer a aprendizaxe do alumnado con necesidades.
- Contar con profesorado de apoio dentro e fóra da aula.
- Coordinación co Departamento de Orientación do centro na atención ó alumnado con NEAE.

PLAN LECTOR

Dedicaremos 30 minutos de cada día á lectura de libros prestados da biblioteca do centro, da biblioteca de aula ou libros que traian da casa para o fomento e desfrute da lectura. Durante este curso, o alumnado poderá asistir á biblioteca nos recreos e cada curso dunha hora no seu horario para facer préstamo dos libros da biblioteca. Os libros de consulta poderá collelos o profesorado para traballar na aula ou o alumnado para utilzalos nas sesións de biblioteca. Contéplase a compra de dúas obras de lectura común e solicitar a visita dos autores/as ou os ilustradores/as. Levaranse a cabo diversas actividades, traballos e animacións a partir da lectura do libros.

PROXECTOS / DINAMIZACIÓNS

TICS:

Hai na aula un ordenador destinado á utilización por parte do profesorado para amosar recursos e levar a cabo as sesións. Ademais tamén contamos cun panel dixital interactivo en todas as aulas menos en 6ºB que teñen encerado dixital e proxector pero estamos agardando a que nos monten tamén un panel dixital ao longo do curso. Este material se utilizará para poder levar a cabo tarefas de visualización de documentos ou materiais de tipo informático para complementar os contidos que se traballan. En xeral as exposicións levaranse a cabo coa proxección dos materiais no encerado para fomentar a participación do alumnado.

En todo o ciclo se traballará de xeito dixital xa que o centro está inmerso no proxecto E-dixgal, onde cada alumno/a contará co seu propio ordenador e isto facilitará a mellora da competencia dixital e a realización de actividades dixitais. Ademais seguiremos a utilizar a robótica como medio de aprendizaxe e de motivación para o alumnado. Tamén se participará na web do centro como medio de apertura das actividades docentes ó exterior.

PROXECTOS:

O 3º ciclo participará no PDI fomentado polo equipo da biblioteca dirixido á modificación do noso centro e da contorna titulado “ReCreando o noso espazo”.

- “Primeiros auxilios” no que se intentará que o alumnado acade coñecementos básicos sobre este ámbito.

- Traballo no xardín, estanque e no invernadoiro do centro.
- Ecoloxía e coidado do medio ambiente.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As saídas intentaranse facer en conxunto e se dirixirán ás temáticas dos proxectos traballados ou aos intereses do alumnado. Ademais, en 6º de primaria farase unha excursión de final de curso para rematar a etapa.

Intentaranse facer todas as saídas posibles pola contorna para que o alumnado poida aprender dun xeito directo aspectos relacionados, sobre todo, coas ciencias naturais e sociais, e para fomentar o proxecto de “ReCreando o noso espazo”.

Nesta PXA imos comentar aquelas saídas que temos planificadas de antemán pero se terán en conta aquelas actividades que vaian sendo ofertadas ao longo de curso, sobre todo as de fin de curso por tratarse de alumnado de 3º ciclo. Algunhas das actividades propostas para este curso son:

1º TRIMESTRE	Actividades propostas polo concello sobre Samaín e Esfolla Teatro do Concello Magosto Saídas en bicicleta propostas polo equipo de educación vial Obradoiro convivencia concello de Narón (6º EP)-TODO O CURSO
2º TRIMESTRE	Teatro en inglés Día da Paz Entroido Participación en Intercentros Saída ao concello de Narón Plan director: obradoiro sobre novas tecnoloxías (6º EP)
3º TRIMESTRE	Saída de fin de curso a un sitio aínda por determinar Actividades propostas polo concello sobre os Maios Volta ciclista co equipo de educación vial Feira de proxectos Viaxe de fin de etapa (6º EP)

10.5- CENTRO PLURILINGÜE (MATERIA E. PLÁSTICA)

INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O CEIP Ponte de Xuvia é un centro plurilingüe. Unha materia impartida noutro idioma dota aos alumnos e alumnas dunha experiencia de comprensión oral na lingua estranxeira que lles pode ser moi útil de cara a Ensinanza Secundaria, máis aínda se o centro ao que asisten conta con Seccións Bilingües.

A profesora responsable da sección en primaria é Purificación Fachal Corbeira. Tamén participa no proxecto como coordinadora Ana María Rodríguez García, especialista en Lingua Estranxeira. Ambas con experiencia docente en infantil e primaria na área de inglés.

Tamén forma parte do equipo, cunha presenza no centro de 16 horas, a asistente de linguas Nithin Krishna Kallakudiyan..

OBXECTIVOS

- Potenciar a aprendizaxe da lingua inglesa para mellorar a competencia comunicativa do noso alumnado.
- Estimular aos nosos alumnos na aprendizaxe dos valores que conforman a identidade da Unión Europea: solidariedade, tolerancia, cooperación,...
- Valorar a importancia das linguas na cooperación e relación con outras comunidades do mundo.
- Potenciar a participación e implicación de toda a comunidade escolar en especial das familias involucradas no proxecto.
- Potenciar a formación permanente do profesorado participante na sección.

Todos os contidos propios da área de Expresión Plástica vense complementados nas Seccións bilingües polos contidos de tipo lingüísticos que , aínda que non se avalían, si se traballan exhaustivamente:

Saúdos e despedidas, vocabulario referido aos materiais de uso común nas sesións de plástica, enumeración das partes dun proceso, conectores, peticións, as cores, partes do corpo, formas xeométricas, volumes, distancias, formas...

AVALIACIÓN

Será continua prestando moita atención ás producións artísticas e a adquisición dos contidos e das competencias previstas.

As técnicas de avaliación estarán baseadas na observación diaria dos avances de cada alumno e alumna.

Aínda que as sesións estarán impartidas en lingua inglesa non se terá en conta o grao de adquisición da lingua senón que a avaliación farase exclusivamente sobre os contidos da área.

METODOLOXÍA

A metodoloxía estará baseada no enfoque global do contido e máis a lingua estranxeira como indica a filosofía CLIL, deste xeito se vai propoñer un tema ou tópico e se vai desenvolver ao longo do curso de xeito coordinado e complementario entre a área de Lingua Estranxeira e a Plástica.

Tamén realizaremos actividades complementarias conxuntas e participaremos nas celebracións do primeiro e segundo ciclo: Samaín, Nadal, Entroido, Día da paz, Día das letras galegas... con actividades máis libres co obxecto de potenciar a creatividade dos nosos alumnos. Así mesmo o alumnado da sección bilingüe traballa de maneira conxunta cos proxectos propostos desde o equipo de biblioteca e TIC. Potenciarase a visita a museos, salas de exposicións, así como a participación en obradoiros e talleres que nos veñen propostos desde o contorno da escola. Non obstante, aínda que os alumnos terán como referencia o tópico elixido para o ano académico, a programación será flexible e aberta á outras actividades que o complementen e que se consideren necesarias e máis motivadoras de acordo coas características do grupo- clase e dos seus intereses, sempre dentro da programación establecida e das disposicións vixentes a nivel curricular. Para realizar calquera actividade de aprendizaxe desta área seguiranse as seguintes pautas:

- 1- Un traballo previo de percepción e sensibilización con un comentario oral posterior.
- 2- Dar consignas claras do traballo que se quere realizar.
- 3- Realización.
- 4- Interpretación.

A acción do mestre está dirixido a animar aos alumnos a familiarizarse co inglés, escoitando e imitando a lingua falada, propiciando situacións de moita repetición, feito que facilita a comprensión e a memorización. O reforzo con material visual, mímica e accións ilustrativas reforzan a aprendizaxe. A lingua de uso na aula será o inglés e acompañarase de todos os recursos anteriormente nomeados para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

MATERIAIS

Os materiais de traballo serán material de debuxo, recortado, medida e pintado; papeis surtidos e bloc de debuxo. En cada aula do centro, para poder impartir Educación Plástica contamos, cun ordenador con canón para apoiar as exposicións orais previas ao traballo e como apoio visual.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Farase especial atención ás necesidades individuais por medio da flexibilidade nos tempos, na produción, nos materiais e, por suposto, co uso da lingua galega ou castelá cando non haxa unha comprensión axeitada ou para reforzar dita comprensión.

10.6 – EF E PSICOMOTRICIDADE

Neste curso escolar 2024/25 dende a área de E.F seguimos coordinando e participando nun programa educativo dirixido a fomentar a Innovación Educativa nos centros chamado Plan Proxecta (Proxecto de Vida Activa e Deportiva).

Proxecto no que levamos bastantes anos participando polo que nos dan a catalogación de Centros Activos de saudables de Galicia no que participa todo o profesorado do centro, xa que parécenos fundamental debido ao grande problema de obesidade infantil. Neste plan globalizamos diferentes áreas, dinamizamos activamente o centro polo que participamos nas categorías de: PVDA, Xogade, Móvete máis, Camiña en bici é escola, Máis e Mellor Actividade Física. Seguimos nas liña de PFPP do centro no que imos participar activamente nos Contratos Programa en Incluíe e nova (Igualdade e Edu-saúde), e Polos creativos. No centro temos Radio escolar “Radio Ponte” na que participamos activamente.

Traballamos conxuntamente coa Policía Local en actividades e saídas de Ed. Viaria que propón: o Concello de Narón segue apostando por unhas políticas de sostibilidade con Proxectos como “Bica e arrinca” ou Camiños seguros “As pegadas”. Vou meter un día ao mes as bicicletas nas clases de E.F.

Temos visitas centro de clubs deportivos da Comarca de Ferrolterra e Narón (tenis, rugby, balonmano, baloncesto en cadeira de rodas...) participamos activamente nas celebracións de festas populares do Centro (magosto, entroido, samaín, maíos...) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares(na que son coordinadora) en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Algunhas das celebracións ou eixe troncais do centro nas que participamos dende a nosa área son: Reciclaxe, merendas saudables (froita e leite, bocata saudable do mes...), samaín, día da non violencia e da Paz, día mundial da saúde, Feira de Proxectos, traballar por Ambientes de aprendizaxe, día do Libro, revista escolar, festa da auga, actividades de visibilidade da diversidade afectivo sexual,...), algunhas actividades propostas e en colaboración coa ANPA e o Concello tamén.

Seguimos cos recreos activos, pero neste curso ampliamos as actividades:

- * luns: patins, monopatíns e skate (zona 4, pista polideportiva) e música para bailar (zona 3, pista area)
- * martes (zonas 4): Colpbol (1ºtrimestre), Balonmano (2º trimestre) e Baloncesto (3º trimestre) e xadrez
- * mércores: hockei (zona 4) e ABJ (xogos de mesa)
- * xoves: xogos populares e tradicionais e ping-pong (no Pavillón).
- * venres: brilé (zona 4) e coro.

O novo e precioso quiosco de préstamo de material de E.F para os recreos, volve ao sitio de anos anteriores. O material que se presta es: cordas, indiacas, raquetas de ping-pong, raquetas de badminton, raquetas de madeira, raquetas cestas de plástico, aros, chapas, buxainas, gomas elásticas, petancas, frisbee,

ioios, zancos, xices) para xogar no patio cuberto . Sempre haberá dous encargados apuntando o material que leven nunha libreta, apuntan a data e tamén teñen un reloxo para controlar a hora. Cinco minutos antes de rematar o recreo van cun chifre recordando que ten que recoller o material.

Traballamos cunha pedagogía chamada Psicomotricidade vivencial ou Práctica Psicomotriz de Bernard Aucouturier, que xa levamos a cabo no centro fai uns anos. As veces facemos contos motores, e exercicios de rima con movemento de Tamara Chubarovsky (coordinación visomotriz e a respiración) e actividades de expresión corporal e xestual Método Bapne (percusión corporal).

Ademais este curso imos participar novamente coas mestras de Educación Infantil e 1º de Primaria traballando por “Ambientes de aprendizaxe” cos alumnos mesturados. Dende a nosa área aportaremos a práctica vivencial da Psicomotricidade Aucouturier a través do xogo libre.

A metodoloxía que utilizamos é flexible, activa e participativa, creativa, lúdica e integradora.

10.7- MÚSICA E DANZA

1 Alumnado

EDUCACIÓN INFANTIL

4º EI: 14 alumnos/as

5º EI: 18 alumnos/as

6º EI: 9 alumnos/as

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º EP: 18 alumnos/as

2º EP: 18 alumnos/as

3º EP: 23 alumnos/as

4º EP: 23 alumnos/as

5ºA EP: 13 alumnos/as

5ºB EP: 14 alumnos/as

6ºA EP: 13 alumnos/as

6ºB EP: 13 alumnos/as

2 Equipo Docente

Mestre música: Juan Marcos Cerezo Suárez

3 Reunións

O mestre de música coordinarase cós titores para consecución dos obxectivos da etapa correspondente, segundo o calendario de reunións de ciclo ou avaliacións marcadas pola Xefatura de Estudos, ou ben de xeito inespecífico cun titor ou equipo docente se a clase ou alumno/s ao seu cargo precisaran dunha coordinación a maiores

4 Obxectivos

- a. Mellorar os procesos de escoita
- b. Potenciar a expresión artística.
- c. Mellorar a coordinación.
- d. Fomentar a cultura de esforzo e a perseverancia.
- e. Favorecer unha boa convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- f. Incrementar a autoestima e a autoconfianza.
- g. Fomentar o interese pola música e a cultura.

5 Metodoloxía

- ✧ Significativa: partindo dos coñecementos previos, conectarémolos cos novos.
- ✧ Participativa: as aportacións dos alumnos serán importantes.
- ✧ Expositiva: Mediante o texto, encerado dixital, e outros recursos; o mestre expoñerá os contidos.
- ✧ Práctica: a través de exercicios, actividades e tarefas diversas poñerase en práctica o aprendido.
- ✧ Integradora: buscaremos que todos os nenos/as participen.
- ✧ Motivadora: propiciaremos unha actitude positiva cara ás actividades propostas, conectando co seus intereses.

6. Avaliación

- ✓ Avaliación inicial: mediante observación, constataremos o punto de partida do alumnado.
- ✓ Avaliacións trimestrais: cada trimestre terá lugar unha avaliación na que se avaliarán áreas e competencias tendo en conta os datos recollidos ao longo do trimestre a través de observacións e probas.

A avaliación será en base ao grao de adquisición das competencias eo logro dos obxectivos, segundo os criterios, concretados na LOMLOE

7 Atención á diversidade

Para aqueles alumnos que presenten necesidades educativas específicas (NEE) adoptaremos as seguintes medidas segundo contribúan ao desenvolvemento dos obxectivos propostos.

1. Medidas ordinarias.

- ✓ Contacto estreito coas familias.
- ✓ Flexibilización de espazos, recursos, tempos e agrupacións.
- ✓ Flexibilización curricular no significativa. (No instrumento de avaliación por exemplo).
- ✓ Apoios ordinarios dentro do aula.

2. Medidas extraordinarias.

- ◆ Intervención do DO.
- ◆ Apoios PT e AL.
- ◆ Adaptación Curricular Individualizada. (ACI)

8 Actividades complementarias e extraescolares.

Dende a área de Música se propoñen tres actividades para todo o centro, elaboradas dende a propia área có alumnado de centro:

1º Trimestre: Concerto de Nadal.

2º Trimestre: Concerto pola Paz

3º Trimestre: Colaboración coa Radio do colexio: Radio Ponte.

Ao longo dos trimestres poderase participar en actividades externas relacionadas coa área de música, tendo en conta os seguintes criterios.

- a. Gratuitas ou o máis económicas posibles.
- b. Axeitadas para a adquisición dos obxectivos curriculares e á adquisición das competencias.
- c. Axeitadas para a mellora da convivencia

11.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN E/OU INNOVACIÓN EDUCATIVA

Participación nos PFPP con varias **liñas de traballo** :

- Polos creativos.
- Aprendizaxe baseado en xogos.
- Traballo por ambientes.
- Patios dinámicos.

Continuaremos coas liñas de traballo de anteriores cursos como son SEMGAL, Aprendizaxe cooperativo ou Robótica aínda que este curso non haberá liña de PFPP propia.

O centro fixo inscrición para unha serie de programas educativos que son os seguintes:

- Entrega de leite e froita nos recreos.
- Edu- saúde
- Iguála-T (pendente dos contratos programa)
- Educonvive (pendente dos contratos programa)
- PLAN PROXECTA: Proxecto de Vida Activa e Saudable (PVAD) que inclúe as categorías de:
 - Xogade
 - Móvete máis
 - Camiña en bici á escola
 - Máis e mellor actividade física (MMAF)

12.- INSTALACIÓNS

12.1.- AULAS DOS CURSOS

Os cursos de Educación Infantil desenvolven as súas actividades nas aulas do edificio de infantil, na súa planta baixa.

Os cursos de Educación Primaria farano nas aulas do edificio vello agás 6º B de primaria que o fará no edificios e infantil na aula de música. 1º, 2º e 3º na planta baixa, e 4º, 5º A, 5º B e 6ºA, e Aula de estudio / tecnoloxía no 1º andar (distribuíndose en función do nº de alumnado).

Durante este curso, as clases de relixión levaranse a cabo na biblioteca e as de música nas distintas aulas.

12.2.- BIBLIOTECA

Dedicarase á biblioteca , aula de audiovisuais e informática, segundo horario e reunións. Nun primeiro momento prevese que abran estas instalacións no mes de outubro.

12.3.- DEPENDENCIAS E DESPACHO PLANTA SUPERIOR DO EDIFICIO INFANTIL

O espazo aberto entre a aula de Música e a Biblioteca é a Sala do Profesorado. O despacho próximo úsase para gabinete de PT e AL.

Aula de 6º B.

12.4.- DESPACHOS PLANTA BAIXA

Orientación

Conserxería

O despacho grande será destinado a Usos Administrativos e Dirección

12.5.- SALAS DO EDIFICIO DE PRIMARIA

A sala da planta baixa situada á dereita está destinada para a Asociación de Nais e Pais de Alumnos.

A sala situada na mesma planta pero á esquerda será destinada como aula de PT.

Nesta mesma planta existe outra dependencia para uso do persoal de limpeza. Este persoal dispón no edificio novo doutro espazo anexo ós servizos para o profesorado.

Piso Superior para aulas. Tamén existe unha aula para gardar os materiais de música e plástica e que tamén é utilizado para reunións do profesorado e clases de reforzo.

Ademais, no corredor da planta baixa hai un pequeno espazo destinado a biblioteca e outro ao quiosco de xogos para que o alumnado utilice durante os recreos.

12.6.- PATIO CUBERTO E PORCHE

Será o patio de recreo de Educación Infantil. Tamén será utilizado durante os recreos, cando chova, polos alumnos de de primaria.

13.- FESTAS E CONMEMORACIÓNS

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
MAGOSTO SAMAÍN ESFOLLA DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NADAL CONSTITUCIÓN	DÍA DA PAZ E DA NON VIOLENCIA DÍA DE ROSALÍA ENTROIDO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER DÍA MUNDIAL DA SAÚDE	DÍA DO LIBRO DÍA DAS LETRAS GALEGAS OS MAIOS XORNADA ABX FEIRA DE PROXECTOS FIN DE CURSO/ FESTA DA AUGA

14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA

DIA	ACTIVIDADE
MARTES	XADREZ
XOVES	DUATHLON
	CANTO E PANDEIRETA
VENRES	DEBUXO

* Este horario poderá sufrir modificacións dependendo do número de alumnado que participe nas actividades.

15- PLAN POTENCIACIÓN DO GALEGO

INTRODUCCIÓN

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia regula o uso e promoción do galego no sistema educativo e serve de marco legislativo para potenciar a lingua galega nos centros.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) tentará, coma todos os anos, fomentar o uso do galego na escola. Sabemos que é un proceso longo; a maior dificultade é conseguir que o alumnado se exprese en lingua galega tanto dentro da aula, cando están coas materias en lingua galega; coma fora, no tempo de lecer.

Para poder levar adiante este proxecto é imprescindible a colaboración de toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado, nais, pais, ANPA, concello, asociacións culturais e deportivas e tamén contar cunha formación continua do profesorado e cuns orzamentos, sempre necesarios para calquera proxecto. E sobre todo o que máis necesitamos é apoio institucional.

No curso actual, 2024/2025, os **membros que conforman o EDLG** son:

- ✓ **Marco Antonio Lago Ríos** (Conserxe)
- ✓ **Ana María Caaveiro Arias** (mestra de apoio de EI)
- ✓ **María Jesús Pérez Cid** (titora 4º EP)
- ✓ **Verónica Ramos Basoa** (titora de 5 anos de EI e Coordinadora de Dinamización Lingüística)
- ✓ **Rocío Cano Corredoira** (titora de 1º de EP).
- ✓ **Loreto Fernández Cubero** (titora de 5º B de EP).
- ✓ **Laura Cabarcos Edreira** (titora de 2º de EP).
- ✓ **Purificación Fachal Corbeira** (titora de 5ºA de EP).
- ✓ **Emma Fernández Vilela** (titora de 6ºB de EP).
- ✓ **Mónica Sánchez de Toca Triviño** (especialista en AL).
- ✓ **María Dolores Castro Sixto** (mestra relixión católica).

OBXECTIVOS PARA O CURSO 2024/2025

Para deseñar os obxectivos **partimos do análise da memoria final do curso pasado** onde constan aqueles aspectos nos que habería que afondar no presente curso.

- Propoñer máis actividades que impliquen a participación de todos os grupos do colexio de forma conxunta e mesturados.
- Relacionar o PDI do centro e o tema sobre o que trate cada curso coa realidade e cultura galegas.

- Aumentar os recursos materiais e audiovisuais que temos no colexio en galego.
- Aprobar o Proxecto Lingüístico do centro.

Ademais destes aspectos, propoñemos ao longo do curso unha serie de obxectivos a medio e longo prazo.

A medio prazo:

- Compromiso do profesorado na actualización e mellora do coñecemento da lingua galega.
- Traballar na mellora do coñecemento e a calidade do galego na expresión oral e na expresión escrita.
- Fomentar unha actitude positiva cara o noso idioma no entorno escolar e no entorno familiar.
- Recoñecer o valor histórico da lingua galega na nosa cultura.
- Promover e colaborar nos plans de lectura mediante técnicas coma animación á lectura na biblioteca e na aula.
- Fomentar o emprego de novas tecnoloxías para a divulgación da lingua.
- Promover e facilitar a participación de persoas coñecedoras dos valores culturais e tradicións do noso contorno e da nosa cultura.
- Desenvolver actividades onde se realicen xogos populares a tradicionais. (No recreo cada curso dispón de material para o seu grupo con xogos populares)
 - Ampliar a bibliografía.
 - Destacar que o estudo das linguas facilita as conexións neurolóxicas.
 - Recompilar traballos feitos e presentalos en soporte dixital.
 - Fomentar o uso do galego no ámbito escolar (familia e profesorado)
 - Colaborar coa ANPA, Concello, asociacións de veciños, organizacións solidarias...
 - Primar o uso do galego lúdico fronte ao galego academicista.

A longo prazo:

- Empregar o galego dentro e fora da aula.
- Ser capaz de expresarse con seguridade en galego.
- Coñecer, valorar e gozar do patrimonio cultural, participando na súa conservación, respectando a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos a súa identidade, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
 - Fomentar o interese pola audición da música galega.
 - Continuar coa presentación das propostas e actividades na *web* do centro.

- Comprender e producir mensaxes orais e escritos en galego, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación.
- Empregar o galego como lingua de relación entre profesorado e alumnado.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

1. Celebración de festas populares:

❖ **Magosto.** Implicará actividades como: degustación de castañas, confección de colares, debuxos, murais, cantigas, refráns...

❖ **Samaín.** Todo o centro participa no baleirado, decoración e exposición das cabazas. Ademais buscaremos información a través de familiares, libros, internet... sobre a orixe e a tradición deste costume, empregaremos xogos LIM e JCLIC e outros recursos como vídeos e cancións.

Propoñemos neste curso, a participación das familias na celebración do Samaín, mediante un concurso de merendas terroríficas, así como na participación da elaboración das cabazas e compartir o tempo de exposición de cabazas.

❖ **Tempo de Nadal.** Decórase o centro, aulas e espazos comúns, poñendo especial interese no patio, posto que este ano o proxecto de centro consiste na dinamización do mesmo. Como todos os anos faremos o concurso de tarxetas de Nadal; os gañadores recibirán a felicitación do EDLG e se dispoñemos de medios económicos, recibirán un pequeno agasallo. Ademais, elaboramos un calendario coa participación de todo o alumnado, que agasallaremos as familias antes das vacacións de nadal. Participamos, xunto co equipo de biblioteca, nunha actividade de calendario de advento, onde se propoñen distintas actividades para cada día, xunto cunha carta das familias para que os nenos e nenas compartan cos seus compañeiros.

❖ **Entroido.** Confección de disfraces nas aulas, relacionado co tema elixido para todo o centro. Ademais decoraremos o cole, cantaremos cancións do Entroido (con letra feita polo profesorado adaptada ao tema).

❖ **Os Maios.** Nesta celebración faremos maios e murais nas aulas. Queremos este ano tamén facer un **baile tradicional**.

2. Actividades propostas desde o Concello de Narón:

Este ano a nosa escola seguirá a participar no proxecto de educación vial **Pegadas** fomentado polo concello de Narón. Así mesmo colaboraremos co Concello e o CFR para potenciar unha vida saudable da nosa comunidade educativa. Participación dos diferentes cursos en actividades promovidas polo Concello.

3. Saídas para coñecer o noso patrimonio natural e cultural:

- Río Xuvia.
- Ría de Xuvia e Neda.
- Monte de Ancos.
- A Presa do Rei.
- Muíño de Pedroso.
- Mosteiro do Couto exemplo de arte románico.
- Fragas do Eume.
- Camiño de Santiago.
- Visita a Santiago de Compostela, capital política e cultural de Galicia.

4. Día da Paz e Día de Rosalía celebracións nas que participa todo o colexio.

5. Saídas para coñecer o noso contorno, con rutas ofertadas polo concello.

6. Audicións en galego, procurando mercar producións en galego.

7. Exposición de traballos nos taboleiros das aulas, biblioteca.

8. Exposición de traballos e actividades na páxina *web*. Publicación da Addenda.

9. Utilización de **novas tecnoloxías** para buscar información: deseño de portadas, elaboración de contos, elaboración de actividades relacionadas cos proxectos de aula e de centro.

10. Participación de todas as aulas nas propostas da **biblioteca**. Semana do medo, Letras galegas, participación con escritores e ilustradores galegos...

11. Participación no **Certame Intercentros** de todo o centro, este curso somos os organizadores do Certame. Hai distintas categorías nas que participar: escrito, oral, mural...

12. Celebración do **Día do Libro**, semana dedicada aos libros, que esperamos que siga tendo o mesmo éxito ca en xornadas anteriores. **Faremos recomendacións.**

13. Día das Letras Galegas. Para a súa conmemoración realizaremos diferentes actividades nas aulas de coñecemento da vida e obra das homenaxeadas no ano 2025.

14. Xornal Escolar. Toda a escola participa na súa elaboración. A biografía das homenaxeadas este ano correrá a cargo dos alumnos e alumnas de 6º de primaria.

15. Visita ao centro de **escritores, músicos ou artistas doutros eidos** relacionados coa nosa lingua. Nun principio pensamos na posibilidade de que acuda no ámbito da escrita e no eido da música.

16. Promover a **participación das familias** en actividades na escola.

17. Audicións e películas en lingua galega.

18. Actividades de **animación á lectura** na biblioteca e nas aulas. O terceiro ciclo comprará dous clásicos en galego para ampliar a biblioteca que comezou hai catro cursos.

19. Participación no **PDI relacionado coa dinamización do patio e recreos**. Cada aula presentará os seus traballos na web do centro ao que se poderá acceder por medio dun **código QR**.

O IDIOMA NAS MATERIAS

Atendendo ó citado Decreto 79/2010 na etapa de Educación Infantil, “o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo”.

Polo tanto nesta etapa tense en conta a lingua materna do alumnado que é o castelán pero introducirase o galego nas clases paulatinamente. Desde hai varios cursos non hai libros de texto nesta etapa, xa que traballamos por proxectos e secuencias didácticas.

Estas serán as actividades e estratexias recollidas no Proxecto Lingüístico que levaremos a cabo para fomentar o emprego da lingua galega nesta etapa:

- **Rutinas diarias:** introduciranse aspectos como os días da semana, nomes dos meses, números, etc ... no idioma galego co fin de que se produza un achegamento á nosa lingua. Aproveitaremos a significatividade deste momento no día a día da aula para fomentar o emprego oral do galego e a incorporación de verbas de uso cotiá ao vocabulario do alumnado.

- **Achegamento á literatura:** a través de todo tipo de textos (contos, poemas, cantigas, adiviñas...) fomentaremos a escoita e lectura de textos en galego no tempo de lectura. Este aspecto servirá para aprendermos vocabulario, facer xogos de palabras, construír textos en galego... propiciando unha aproximación á lectoescritura nas dúas linguas oficiais.

- **Celebración de festas populares.** Na escola celebramos diferentes festas como Samaín, Magosto ou Entroido, entre outras, cunha base moi apegada a nosa cultura popular. Ademais dos propios festexos nos que participará todo o alumnado e profesorado, nas aulas afondaremos nestes aspectos a través de contos, lendas, vocabulario..

- **Outras actividades:** a nivel de centro e de aula haberá momentos no curso onde se programarán actividades vinculadas aos xogos populares (por exemplo no Magosto), achegamento á cultura musical, participación das familias a través de contacontos ou actividades internivelares. Todas elas serán un punto de partida para empregar o galego a nivel oral e escrito así como para afondar en aspectos da nosa cultura.

- **Proxectos.** Prantexaranse proxectos a nivel de aula, de centro...que servirán para coñecer e aprender sobre diversos temas e nos que se poderá empregar textos en idioma galego, realizar actividades de aproximación á lectoescritura, facer exposicións orais ou escritas na nosa lingua...

- **TIC.** As aulas están dotadas de encerado dixital. Aproveitaremos estes recursos para realizar visionados e audicións en lingua galega e iniciar o emprego do xogos na rede (LIM, Jclíc...) que son moi motivadores para o alumnado. Na medida do posible facilitaremos que as familias teñan acceso a estes recursos a través da páxina web da escola e da aula virtual. Tamén queremos publicar a noso **Proxecto Lingüístico de Centro (PLC)** na web da escola.

- **Radio Ponte:** ao longo do curso realizaranse varios programas de radio onde os nenos e nenas fan entrevistas, contan historias ou narran acontecementos do cole. Todos os programas de radio están dispoñibles na web do centro para que cheguen a todos os nosos oíntes.

- **Recomendacións lectoras:** dende o EDLG e a o equipo de Biblioteca nos periodos vacacionais de Nadal e verán propoñemos distintas recomendacións lectoras para cada ciclo e/ou nivel, onde recollemos tanto novidades como lecturas imprescindibles para cada idade ou curso.

Na etapa de **Educación Primaria** o citado decreto garante a **adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.**

Ademais atendendo ás instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: **“O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo.** Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o alumnado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia”.

Por outra banda o centro conta co plurilingüismo impartíndose en **lingua inglesa a Educación Plástica desde 1º ata 6º de primaria.** Polo tanto o centro ten a denominación de Centro Plurilingüe.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

No curso escolar 2020-2021 reformouse o PLC, a longo do curso escolar anterior foi actualizado e neste primer trimestre debe ser aprobado.

16. - PLAN DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE INTERVENCIÓN DE AL/PT NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO CENTRO, NA PXA, E NO D.O.

Na PXA figuran todos os aspectos da programación relativos aos programas que se están levando no centro así como as programacións de cada nivel das etapas de infantil e primaria. É preciso que o traballo dos mestres especialistas do departamento de orientación se relacione con eles en aspectos relativos ao desenvolvemento axeitado do alumnado.

No plan do departamento de orientación, incluído na PXA, figuran aspectos tales como que a persoa orientadora é a responsable da avaliación psicopedagóxica no centro, que o alumnado será valorado previamente pola orientadora para unha posterior intervención dos especialistas en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, todo isto sen deixar de considerar todo o relativo ás actuacións do Departamento de orientación recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e na Orde do 8 de setembro do 2021 que o desenvolve.

No CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia hai que ter en conta que a persoa orientadora é compartida co CEIP de Piñeiros. No DO contamos con:

- * Unha mestra especialista en pedagogía terapéutica con horario completo no centro.
- * Unha mestra especialista en audición e linguaxe de atención preferente con horario completo no centro.
- * Unha mestra de audición e linguaxe compartida co CEIP de Piñeiros, este último como centro base no que se desempeñan a maior parte das actuacións da orientadora e da mestra especialista en AL.

1.1. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN COMO MESTRAS DE PT/ AL:

O alumnado que conta con necesidades específicas de apoio educativo contará con intervencións de carácter individual e/ou en grupo en función das súas necesidades.

O horario, o alumnado e as medidas que se propoñen a principio de curso para a atención do alumnado con NEAE son provisionais e poden sufrir cambios ao longo do curso escolar adaptándose ás novas necesidades que poidan xurdir ou remitir ao longo do curso, así como a evolución do propio alumnado.

A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe é un recurso extraordinario dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE en diante), sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo

(NEAE en diante). Este profesorado exercerá as súas funcións, nas etapas de educación infantil e educación primaria en función de onde se atope escolarizado o alumnado con NEAE.

O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

Será a orientadora, xunto coa xefa de estudos, quen determine o horario co que atender ao alumnado con NEAE, contando sempre coa opinión do profesorado-titor e dos mestres/ as de apoio. Estas decisións serán tomadas en base aos criterios de prioridade definidos no PXAD. Unha vez tomada esta decisión e recollidos os permisos oportunos das familias, iniciaranse as intervencións co alumnado.

1.2. FUNCIÓNS DOS ESPECIALISTAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Segundo a Orde do 8 de setembro do 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; no seu artigo 57 punto 2 as funcións do profesorado especialista en PT e AL son:

- ✓ Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

- ✓ Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.

- ✓ Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

- ✓ Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.

- ✓ Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

- ✓ Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

- ✓ Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo mesmo, que se incluírá no seu expediente.

✓ Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

Seguindo o Decreto 374/1996 “Ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar ós alumnos en función das súas necesidades, o profesor ou profesora que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais desenvolverá as seguintes funcións”:

✧ Coordinar, en colaboración coa xefatura de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

✧ Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con necesidades educativas especiais.

✧ Orientar ao profesorado que imparta docencia ao alumnado con NEE, así como a eles mesmos e ás familias sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.

✧ Colaborar co profesorado-titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas.

✧ Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.

Sen prexuízo do establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, do regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, seguindo a Orde do 28 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, a xefatura do departamento de orientación terá as seguintes funcións:

- h. Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento de orientación.
- i. Responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elabora-la memoria final de curso.
- j. Representar o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- k. Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- l. Asistir ás reunións convocadas polo xefe ou xefa do departamento de orientación do instituto de educación secundaria ó que está adscrito.
- m. Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- n. Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

o. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e os criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse da elaboración do informe psicopedagóxico.

p. Coordinar, en colaboración cos profesores ou profesoras de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando á xefa de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

q. Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

r. Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

2. - ESTATÍSTICA ALUMNADO NEAE

Alumnado atendido polos especialistas do departamento de orientación a comezos do presente curso:

Alumnado con necesidades no centro:

	NECESIDADE	Nº ALUMNADO
N.E.E.	Discapacidade	2
	TGC	0
	TGD / TEA (sen discapacidade)	2
N.E.A.E	DEA	15
	TDAH	1
	Incorporación tardía	1
	Condições persoais /hª escolar	3
	AACC	3
	Alteracións na fala	10

3. - OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PROGRAMA XERAL DE INTERVENCIÓN:**3.1-Obxectivos referidos ao Centro.**

✓ Colaborar no desenvolvemento do PE e conseguir que o plan de orientación sexa un instrumento máis no documento de Concreción Curricular.

✓ Contribuír a dinamizar e planificar a organización educativa.

✓ Cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, ANPA, comisións) e axentes externos (institucións, ONGs, Servizos Sociais, EOE, etc), favorecendo canles de comunicación e actuación.

✓ Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes da orientación educativa.

✓ Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e titoría.

✓ Contribuír á colaboración entre o Departamento de Orientación e CPI ao que está adscrito.

3.2.- Obxectivos referidos ao alumnado.

✓ Contribuír á individualización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando a compensación de desigualdades, minimizando o risco de exclusión social, etc.

✓ Procurar a inclusión do alumnado con NEAE.

✓ Implementar un plan de convivencia realista, dende a planificación da acollida ao alumnado estranxeiro e de nova incorporación, ata a inclusión da atención multicultural (coñecemento e aceptación do abano de culturas no centro), e a incorporación e inmersión nos aspectos positivos doutras culturas.

✓ Organizar os apoios ao alumnado que precise atención específica dentro dos niveis, en colaboración coa xefa de estudos, tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado.

✓ Proporcionar orientación educativa incidindo no asesoramento académico aos alumnos en tránsito de etapa.

✓ Aplicar unha acción orientadora de carácter preventiva e compensadora, favorecedora do desenvolvemento persoal dos alumnos/as.

✓ Colaborar no desenvolvemento de programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe.

✓ Colaborar no desenvolvemento de programas de adquisición das competencias emocionais e desenvolvemento persoal.

✓ Identificar na avaliación psicopedagóxica as necesidades educativas do alumnado ofrecendo orientacións para a práctica educativa.

- ✓ Favorecer e fomentar as actitudes de cooperación e axuda aos demais, desenvolvemento da empatía e habilidades sociais.

- ✓ Realizar a detección/prevenición de necesidades educativas mediante programas, para todas as etapas que abrangue a nosa escola.

3.3.- Obxectivos referidos ao profesorado.

- ✓ Coordinar a actuación dos titores, do profesorado de apoio e do orientador, para dar resposta ás NEAE do alumnado.

- ✓ Coordinar o proceso de avaliación psicopedagóxica, a transmisión de información aos titores, ao alumnado e ás familias.

- ✓ Colaborar co equipo directivo no asesoramento aos equipos docentes; o equipo directivo en temas de avaliación, promoción e titulación; coñecendo as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan.

- ✓ Asesoramento ao alumnado e as súas familias.

- ✓ Dar apoio no referido á avaliación inicial de dito alumnado e nos criterios de avaliación formativa.

- ✓ Promover a colaboración entre o profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación.

- ✓ Asesorar e apoiar aos titores nas necesidades que lles vaian xurdindo no desempeño da función tutorial. 🕒

- ✓ Proporcionar información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas ao profesorado, que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.

- ✓ Facilitar ao profesorado apoios e asesoramento para que o alumnado con NEE disfrute dunha inclusión real en todo momento na vida do centro.

- ✓ Asesorar ao profesorado, na realización das ACS, RE e calquera outra medida de atención á diversidade que leven a cabo, ademais de valorar a realización destas medidas.

3.4.- Obxectivos referidos ás familias.

- ✓ Promover a colaboración familiar nas actividades informativas e orientadoras implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as.

- ✓ Establecer reunións periódicas individuais e/ou colectivas, asumindo conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.

- ✓ Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.

- ✓ Asesorar/apoiar ás familias no proceso de ensino aprendizaxe dos menores, promovendo un crecemento e evolución armónicas, e unha inclusión plena no centro e na sociedade.

- ✓ Implicar ás familias na toma de decisións educativas e facéndoas un axente dinámico máis do proceso educativo.

4. - ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE AL/PT PARA O ACTUAL CURSO NO CENTRO E PRIORIDADES.

Baixo a perspectiva do Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve dito decreto, así como o artigo 7 do Decreto 120/98 do 23 de Abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, o/a orientador/a do centro xunto cos mestres/as especialistas en AL e en PT, establecerán o horario de atención ao alumnado con NEAE. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios partindo sempre das necesidades máis graves e permanentes:

1. Atenderase aquel alumnado con NEE ou outro tipo de necesidades educativas permanentes con informe do DO, EOE e/ou servizos públicos externos.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha ACS (Adaptación Curricular Significativa).
3. Atenderase ao alumnado con NEAE e con informe do DO, con materias instrumentais suspensas e que xa fose obxecto doutras medidas de carácter ordinario (RE) por parte do titor/a.
4. Outro alumnado con NEAE previa valoración do DO.

5.-CONCRECIÓN DOS APOIOS EN AULA E ESPECÍFICOS FÓRA DA AULA DO GRUPO DE REFERENCIA:

Durante o mes de setembro de 2024 elabóranse horarios provisionais do alumnado con NEAE; estes horarios poderán ser modificados durante todo o curso escolar en función de novas necesidades detectadas ou da evolución do alumnado atendido. A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, prioritariamente, dentro da aula ordinaria do alumnado co que intervén. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea. Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado.

6.-METODOLOXÍA XERAL E DIFERENCIADA PARA CADA PROGRAMA

No referente á metodoloxía que seguiremos para a atención educativa ao alumnado con NEAE dicir que: levaremos a cabo unha atención individualizada tendo en conta as características, necesidades e intereses do alumnado. Será de gran importancia que se estableza unha boa relación de coordinación co resto do profesorado que atenda ao/á alumno/a, así como coa familia a fin de favorecer o seu proceso educativo.

Tendo en conta o anteriormente sinalado, os criterios metodolóxicos que seguiremos como mestres especialistas do departamento de orientación serán os seguintes:

- ✧ Axustar a resposta educativa ás necesidades de cada alumno/a, contando coa área de desenvolvemento próximo e tendo en conta os seus centros de interese.
- ✧ Favorecer a significatividade das aprendizaxes, o desenvolvemento do metacoñecemento e a autonomía do alumnado.
- ✧ Aprendizaxe cooperativa como principio que fomente o desenvolvemento do alumnado na aula.
- ✧ Actuacións que desperten no alumnado unha actitude positiva e de interese cara á aprendizaxe.
- ✧ Implicación da familia e intervir para crear un clima de seguridade e confianza, resaltando logros e minimizando os erros.
- ✧ Mantemento dunha boa relación de coordinación cos demais profesionais que interveñan co alumnado con NEAE así como coa familia.
- ✧ Emprego de actividades sinxelas e claras que se leven a cabo dun xeito o máis lúdico posible co fin de manter a motivación e o interese do alumnado.
- ✧ Aprendizaxe cooperativa e tutoría entre iguais, sempre e cando sexa posible.
- ✧ Creación dun ambiente escolar de afecto e confianza, tanto no centro como na aula, que facilite non só a aprendizaxe, senón tamén a interacción e a comunicación.
- ✧ Reforzo do aspecto funcional das aprendizaxes para que poidan ser empregadas nas circunstancias reais nas que o alumnado as precise e para que sirvan para levar a cabo novas aprendizaxes.

7.-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

7.1. Organización de espazos. Os espazos dos que se dispón son:

- Unha aula compartida entre a mestra especialista en pedagogía terapéutica e a mestra especialista en audición e linguaxe (que temos compartida con outro centro) por falta doutro espazo.
- Unha aula para a mestra de audición e linguaxe que temos a tempo completo.

7.2. RECURSOS

Recursos humanos. O departamento de orientación do 2024-25 está formado por:

- Xefatura do departamento: Cándida A. Lema Martínez (substituta da titular: Gema Campos Tenreiro) .
- Mestras especialistas en audición e linguaxe: Mónica Sánchez de Toca Triviño (carácter preferente) e María del Carmen Díaz Vargas (compartida).
- Mestra especialista en pedagogía terapéutica: Sara Gómez Amado.

Recursos materiais.

- P.E. e P.X.A.
- Escala de observación.
- Fichas acumulativas e expediente do alumnado.
- Material escolar e de reforzo.
- Material específico de elaboración propia e comercial.
- Material manipulativo.
- Material para a valoración e avaliación psicopedagóxica.
- Bibliografía específica de atención á diversidade.

7.3. TEMPORALIZACIÓN**1º TRIMESTRE**

- a. Seguimento do alumnado obxecto de RE/ACS. Colaboración con mestres e familias (de acordo cos distintos plans de centro e co PXAD, en concreto).
- b. Asesoramento na elaboración das ACS que correspondan.
- c. Seguimento e avaliación: período de adaptación e inicial (revisión expedientes novas incorporacións).
- d. Valoracións iniciais do alumnado que pode ser obxecto da intervención de AL/PT.
- e. Elaboración dos programas de intervención.
- f. Atención das solicitudes de intervención do curso 24-25.
- g. Entrevistas cos titores/as e especialistas
- h. Entrevistas coas familias.
- i. Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, asociacións, etc.
- j. Manter unha liña clara de colaboración co DO do CPI do Feal adscrito.
- k. Participar nas sesións de avaliación.
- l. Revisión e compra de material.
- m. Recollida de datos estatísticos.
- n. Actualización da documentación do departamento: rexistros de seguimento, avaliación, etc.

2º TRIMESTRE

1. Seguimento de NEAE e absentismo.
2. Atención á diversidade no PE.
3. Atención das solicitudes de intervención do curso 24-25.
4. Revisión dos Informes Psicopedagóxicos que teñan máis de dous anos.
5. Entrevistas cos titores/as e especialistas.
6. Posta en común cos titores, no caso que se requira, dos criterios para pasar de etapa.
7. Desenvolvemento de competencias emocionais, a través da acción tutorial.
8. Participar nas sesións de avaliación.
9. Reposición de material.
10. Colaboración na avaliación diagnóstica extraordinaria.
11. Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que atendan alumnado da nosa escola e/ou que sigan unha filosofía similar (inclusiva e normalizadora).

3º TRIMESTRE

- a. Seguimento das NEAE que se manifestaron ao longo do curso e dos posibles casos de absentismo escolar.
- b. Recollida de datos ás familias do alumnado que se incorporara en 4º da Educación Infantil para o curso 2025-26.
- c. Entrevistas cos titores/as e especialistas.
- d. Entrevistas coas distintas institucións/asociacións que atendan o alumnado da nosa escola.
- e. Revisión dos Informes Psicopedagóxicos que teñan máis de dous anos.
- f. Elaboración da memoria.
- g. Recollida de datos estatísticos.
- h. Informes finais dos especialistas do departamento.
- i. Informes finais de etapa para alumnado de 6ºEP.
- j. Participar nas sesións de avaliación.
- k. Manter as liñas de colaboración cos DO dos centros educativos da zona.
- l. Asesorar na promoción do alumnado, en xeral, e do alumnado con NEAE, en particular.
- m. Mantemento, reposición e adquisición de material.

8.-COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, DO E RELACIÓN COAS FAMILIAS

8.1. Titorías

Os/As titores/as poderán acudir ao departamento en calquera momento que o precisen. Para a coordinación diaria e co fin de manter unha comunicación fluída, os/as titores/as poderán utilizar os momentos de entrada ou saída da aula dos especialistas do DO sempre e cando sexa un momento breve, ou nos momentos en que ambas partes podan estar libres en función das necesidades organizativas do centro (como as horas de garda); non obstante, priorizarase que a coordinación entre titoría e especialista do DO se leve a cabo no horario de permanencia da tarde dos martes.

8.2.- DO

Utilizaranse as sesións de despois do recreo sempre que exista a posibilidade. Para a coordinación entre os mestres especialistas, e entre estes e a orientadora, utilizaranse momentos durante a xornada nos que se podan reunir as partes.

8.3.- Familias

No tocante á relación coas familias, e como novidade neste curso, establécese como horario de atención ás mesmas por parte da orientadora, os martes e mércores de 13h a 14h. No caso de que unha familia solicite ter unha reunión ca orientadora fóra de ese horario, terá que ser con cita previa, dita citación realizarase sempre directamente ca orientadora, ben a través de chamada telefónica, presencial ou ben mediante correo electrónico.

No caso de que as familias soliciten unha reunión con algún mestre especialista do DO, estas poderán ser citadas a través do titor/ a, da orientadora ou ben directamente co mestre/a en cuestión (coa presenza sempre do/a titor/a e aorientadora se fora requerido por algunha das partes).

9.-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación que se van empregar co alumnado serán os establecidos na lexislación en canto ao alcance de indicadores de logro materializados en rúbricas a acadar por parte do alumnado. En calquera caso, tal e como se recolle no punto seguinte, o deseño da programa de intervención e da programación contará cun proceso de valoración do progreso do alumnado, empregando diferentes métodos e instrumentos de avaliación (observación directa, o traballo dirixido, traballos de investigación/experimentación, etc., así como calquera método que se considere axeitado en función das características de cada alumno/a).

10.-PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE

A realización dos programas parten dun estudo da documentación existente sobre o alumnado. Estes programas poderán ir modificándose en función das necesidades e da evolución do alumnado. Seguindo a Orde do 8 de setembro do 2021, os programas de intervención deberán considerar, cando menos:

- As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presenta a alumna ou o alumno, que deben constar no informe psicopedagóxico.

- O currículo de referencia da alumna ou do alumno. De tratarse de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.

- O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.

- A coordinación co profesorado titor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.

O seguimento e a avaliación do programa, que incluírá indicadores de avaliación. A información obtida deses procesos daralla a coñecer ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación.

A avaliación do programa de intervención realizarase en tres momentos:

- Nun momento inicial ou avaliación de diagnóstico, analizando os documentos oficiais existentes no centro así como todos aqueles aspectos que se consideren precisos para a miña intervención.

- Nun segundo momento realizarase unha avaliación con carácter procesual ou formativa na que se valorará o proceso de implementación do programa, establecendo as modificacións que se consideren pertinentes e oportunas de cara á mellora do funcionamento do mesmo. Estas modificacións introducíranse nas actas das reunións do departamento de orientación cando se realicen.

- No momento final, ao finalizar o deseño e implementación deste programa para comprobar se o propio programa ten coherencia interna e se o deseño inicial do programa se pode modificar de cara ao vindeiro curso escolar. No tocante ao proceso de avaliación do alumnado, en cada programa de intervención figurarán os indicadores para realizar a avaliación de cada alumno e empregaranse os indicadores de logro establecidos e concretados en rúbricas.

17.- PLAN LECTOR e BIBLIOTECA

➤ XUSTIFICACIÓN

As bibliotecas escolares son un instrumento imprescindible dentro dos centros, debendo de ser centros creativos de aprendizaxes, dinámicos e en constante actualización. Este proxecto ten como piares básicos a adquisición paulatina do hábito lector, a integración das TIC nas actividades de aprendizaxe fusionando a aula de informática coa biblioteca, así como o emprego de metodoloxías activas e colaborativas que nos permitan garantir o desenvolvemento das competencias clave e a adquisición dos obxectivos pedagóxicos propostos. Por outra banda, o noso centro é un centro SEMGAL a través do que contribuímos a unha aprendizaxe de alta calidade promovendo o talento nas nosas aulas. Neste senso, as bibliotecas escolares son un ferramenta imprescindible que nos permite achegarnos ás contribucións recollidas no Informe de 2015 do Consello e da Comisión Europea sobre a aplicación do marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e da formación (ET 2020). Así mesmo, promoverase a alfabetización múltiple e a mediática e informacional a través do emprego dos recursos dispoñibles na biblioteca escolar e propoñendo un PDI a nivel de centro que ten como eixo principal a transformación física do patio de recreo e que busca favorecer no alumnado a adquisición de procesos cognitivos de orde superior recollidos por Benjamin Bloom na súa Taxonomía.

➤ COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

O Equipo de Biblioteca durante este curso estará formado polos seguintes integrantes:

- Elisa Dopico Bores (responsable)
- Ana María Caaveiro Arias
- Laura Cabarcos Edreira
- Juan Marcos Cerezo Suárez
- María Dolores Castro Sixto
- Berta Grueiro Pérez
- Ana Isabel Morales Moya
- María del Carmen Vázquez Barreiro
- Ana Belén Vilar Otero
- Purificación Fachal Corbeira
- Emma Fernández Vilela
- Loreto Fernández Cubero
- Ana María Rodríguez García

➤ OBXECTIVOS

- Crear un clima de traballo, confianza e relación que facilite o quefacer diario da biblioteca.
- Revisar, actualizar e adaptar os documentos de Biblioteca atendendo á normativa vixente.
- Revisar, actualizar e reubicar os recursos materiais da biblioteca co fin de acadar o seu máximo rendemento.
- Comezar e continuar coa nosa participación en diferentes programas para a mellora da calidade educativa da biblioteca do centro.
- Favorecer que o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.
- Velar porque toda a comunidade educativa colabore no establecemento de valores, liñas de traballo e normas de funcionamento da biblioteca, así coma no seu cumprimento.
- Facilitar un proxecto común de centro(proxecto documental integrado ou PDI) con propostas de actividades, recursos e espazos ao servizo do currículo e da comunidade.
- Tratar a lectura e a escritura como saberes básicos no desenvolvemento das competencias:
 - a. Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)
 - b. Competencia personal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA)
 - c. Competencia Matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)
 - d. Competencia Dixital (CD)
 - e. Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CSPAA)
 - f. Competencia Cidadá (CC)
 - g. Competencia Emprendedora (CE)
 - h. Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC)
 - i. Competencia Plurilingüe (CP)
- Fomentar a lectura por placer e para informarnos, mediante proxectos e programas, implicando a toda a comunidade.
- Incentivar a alfabetización múltiple, competencia esencial para a vida, como nutrinte de tarefas integradas relacionadas co PDI de centro.
- Integrar no proxecto lector as achegas dos medios de comunicación e as tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación como ferramentas básicas de alfabetización múltiple.
- Proporcionar ao alumnado estratexias e habilidades para a adquisición da competencia informacional (aprender a investigar).
- Contribuir a acadar autonomía do alumnado no uso crítico da información.
- Desenvolver habilidades de información que preparen ao alumnado para ser competentes persoal e socialmente (aprendendo a aprender).

➤ **TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTO.**

O horario de funcionamento previsto para o período lectivo (a partir do mes de outubro) é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 /9:50	6º B	2º			5º B
9:50/10:35		4 ANOS		5 ANOS	3 ANOS
10:35 /11:20		1º		3º	4º
11:30/12:00					
12:00/12:30					
12:30/13:15				1º	6º A
13:15/14:00				2º	5º A

Así mesmo, abrirase a biblioteca a toda a comunidade educativa as tardes nas que se ofertan actividades extraescolares en horario de 16:00 a 18:00.

Á hora de organizala, no mes de setembro distribuiremos as funcións (catalogación, merca de fondos, colocación dos empréstitos, realización de empréstitos...) entre os diferentes membros do Equipo de biblioteca.

Ademais, organizaremos o espazo para crear ambientes diferenciados: experimentación, robótica, traballo cooperativo, lectura, aula TIC, gravación en croma. Con tal fin, todos os materiais do centro estarán centralizados na biblioteca e empregaranse nas horas que cada aula ten destinadas a tal fin. Se nalgún momento se necesitase empregar algún dos materiais dentro da aula e fora dese horario realizaríase un empréstito do mesmo coa finalidade de que quede rexistrado. Deste xeito, favorecemos e axilizamos o emprego de todos estes materiais sabendo onde están en cada momento.

➤ **ACTUACIÓNS PREVISTAS NOS SEGUINTE ÁMBITOS:**

● **Xestión técnica e organización.**

As actuacións previstas para a xestión e organización da biblioteca escolar son as seguintes:

- Reparto de tarefas entre os membros do Equipo de biblioteca no mes de setembro.
- Definición, en consenso co claustro, dos criterios para a creación das bibliotecas de aula.
- Estudo, en colaboración co DO, das necesidades de fondos e servizos para poder acadar unha boa atención á diversidade.
 - Catalogación (CDU) de todos os fondos da biblioteca.
 - Estudo das carencias necesarias para adquirir ao longo do curso, procurando a colaboración dos equipos de ciclo e nivel; así como do resto de equipos do cento.

- Compra de obras de lectura e consulta e material audiovisual, promovendo a colaboración coas librerías da contorna.

- Continuar coas Mochilas Viaxeiras.

- Merca de equipamentos informáticos necesarios.

- Mellora da sinalización dos espazos que nos permitan atender á diversidade.

- **Formación para o uso, tratamento e produción de información.**

Continuar coa formación en ABX iniciada o ano pasado e comezar unha nova formación relativa a PATIOS INCLUSIVOS, ambas incluídas no PFPP do centro.

- **Formación de usuarios.**

Os beneficiarios de esa formación serán os alumnos e alumnas de 5º e 6º de EP pois somos un centro pequeno de liña aínda que este curso temos liña 2 en 5º e 6º de primaria. Coidamos que é posible facer unha titoría entre iguais co alumnado do último ciclo de EP de xeito que en 5º se faga unha primeira introdución sobre a xestión da biblioteca e en 6º xa se profundice moito máis. Desta forma, ambos os cursos poderán colaborar coa biblioteca nos recreos; así como en todas as actividades que dende ela se propoñan sendo suxeitos activos na súa xestión.

Por outra banda, iniciaremos a todo o alumnado desde Educación Infantil no emprego e desfrute da biblioteca escolar; achegándoos a súa organización e funcionamento a través de actividades motivadoras e do empréstimo semanal.

- **Programas de formación para a competencia informacional e mediática.**

Hai cursos que se iniciou un proxecto de radio escolar no centro que serviu como motivación e medio para a adquisición da competencia informacional e mediática polo que pretendemos unha continuidade deste proxecto integrando o estudo de radio dentro da biblioteca escolar.

Por outra banda, continuaremos a empregar a gravación en croma para a difusión das nosas investigacións que son subidas á web do centro a través de aplicacións como Genial.ly ou Kizoa e quedando a disposición de toda a comunidade educativa. Deste xeito, contribuímos á gamificación cos pequenos e pequenas.

- **Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.**

Como xa se expuxo na xustificación, formamos parte dos centros SEMGAL polo que ao longo do curso nas nosas aulas desenvólvense diversos proxectos de carácter interdisciplinar para os que a biblioteca escolar resulta un medio indispensable como fonte de consulta para o posterior tratamento da información pero, tamén, como promoción de resultados.

Adequaremos un espazo que permita a exposición dos diferentes proxectos levados a cabo ao longo do curso para que todo o alumnado teña acceso ao produto final de cada unha das

aulas do centro e crearemos unha sección onde se recollan os documentos realizados nas aulas co fin de que poidan ser emprestados.

Así mesmo, realizarase un PDI sobre as sete belas artes do mundo no que cada aula do centro realizará un breve proxecto e subirao á web do centro e exporase no patio cuberto de Infantil para o desfrute de toda a comunidade educativa.

● **Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias.**

Durante o curso escolar 2024/2025 continuaremos todos os días coa Hora de ler, deixando horario reservado para a realización de contacontos dentro da biblioteca un día á semana. Ademais, retomaremos os apadriñamentos lectores e a mochila viaxeira, o empréstito semanal, as visitas de escritores e ilustradores; así como a creación de xogos LIM sobre textos que temos na biblioteca ou a realización de scape rooms.

Por outra banda, neste curso contaremos con contacontos en inglés por parte do auxiliar de conversa do centro.

● **Apoio ao desenvolvemento do Proxecto lector de centro.**

Todas as actividades expostas neste proxecto están deseñadas coa finalidade de contribuír ao Proxecto lector do centro. Así mesmo, elaboraremos guías de lectura para Nadal e verán adaptadas a cada un dos niveis lectores que serán colgadas nos taboleiros do centro, publicadas na páxina web e enviadas ás familias por correo electrónico.

● **Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.**

Para a realización das investigacións de aula, así como para a participación en Erasmus+, Plan Proxecta, CPIInnova EDUsaúde e CPIInnova Inclúe-T. nos que nos atopamos inmersos, resulta primordial o emprego da biblioteca escolar pois esta será a principal fonte de recursos da que dispoñamos no centro.

Así mesmo, non servirá unicamente como fonte de información se non tamén como espazo de difusión das achegas das diferentes aulas pois estará aberta a toda a comunidade educativa.

● **Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.**

Desde a biblioteca escolar promoveremos a compra de fondos que fomenten a adquisición de valores críticos e democráticos no noso alumnado. Así mesmo, coa finalidade de compensar as desigualdades sociais presentes nas nosas aulas e atender de xeito óptimo á diversidade, nas actividades que se realicen no centro e, máis concretamente neste caso, na biblioteca escolar, desenvolveremos metodoloxías colaborativas e inclusivas como a aprendizaxe cooperativa, a filosofía para nenos e nenas ou a educación emocional.

- **Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos.**

Coa finalidade de integrar os multialfabetismos no noso centro, realizaremos subscricións a publicacións periódicas tanto para mestres (National Geographic, Educación 3.0) coma para alumnado (Pelopicopata, Muy interesante, O Papagaio).

Ademais, elaboraremos, en colaboración co EDLG e como se ven facendo dende hai máis de 30 anos no centro, a revista escolar na que participa a totalidade das aulas do centro. Desde o curso escolar 2019/2020 ten formato dixital para que a comunidade educativa a poida consultar de forma telemática fomentando así a redución do uso de papel, mais temos varias edicións impresas que pasan a formar parte da sección pertinente da biblioteca escolar.

Por outra banda, seguiremos a empregar as TIC como fonte de información tanto á hora de realizar o PDI como os diferentes proxectos que xurdan nas nosas aulas e os proxectos SEMGAL; así como seguiremos a traballar o pensamento computacional mediante o emprego de robots educativos (Lego Wedo 2.0, Robotmind, Doc), xogos de mesa (Let's go code, mouse mania) e apps educativas (Code a pillar, One road).

Así mesmo, nos recreos proporase a incorporación dos xogos de mesa; sendo o alumnado de 5º e 6º de EP o encargado de organizalos para o resto dos seus compañeiros e compañeiras. Ademais, levarase a cabo ao longo do curso un torneo de xadrez entre todo o alumnado da etapa de Primaria.

- **Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.**

Considérase de vital importancia para un bo funcionamento da biblioteca escolar que toda a comunidade educativa teña a súa disposición a relación de recursos dispoñibles polo que crearemos un catálogo web que permita tanto ás familias como ao alumnado e os demais integrantes da comunidade educativa consultalo cando o precisen. Ademais, publicarase de xeito periódico na páxina web do centro e no Instagram da biblioteca as novidades recibidas na biblioteca; así como as recomendacións que dende ela se fan en relación coas diferentes temáticas a traballar durante o curso escolar. Cómpre sinalar que estas novidades e recomendacións estarán expostas de forma física dentro da biblioteca ao mesmo tempo.

- **Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.**

As familias xogan un papel principal no proceso de ensinanza-aprendizaxe dentro do noso centro. É habitual que asistan ás aulas a realizar obradoiros e participen nas diferentes actividades propostas a nivel de centro como carreiras ou festividades.

Polo tanto, na biblioteca escolar continuamos nesa liña e convidaremos ás familias a acudir á biblioteca cando así o desexen a facer obradoiros, contacontos e aquelas outras actividades que xurdan ao longo do curso. Ademais, no horario complementario descrito no seguinte epígrafe

poderán facer uso e desfrute das instalacións para a consulta dos fondos dispoñibles e tamén para o empréstito xa que dispoñemos dunha sección destinada ás persoas adultas.

Así mesmo, teremos no hall do edificio de Infantil un espazo destinado ao troco de libro tanto para familias como para alumnado.

No que respecta á colaboración con outras bibliotecas seguiremos a participar nas actividades propostas pola biblioteca de Narón como visitas guiadas ou exposicións; así como realizamos empréstitos dos seus fondos para o emprego no noso centro.

➤ **HORARIO PREVISTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA.**

O horario previsto para a atención específica da biblioteca por parte do responsable (mestra de 5ª de EI) e os integrantes do equipo de apoio amósase a continuación. En horario lectivo:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50					
9:50 10:35	Responsable	Responsable			Responsable
10:35 11:20					
11:30 12:00	Garda de recreo	de Garda de recreo	de Garda de recreo	de Garda de recreo	de Garda de recreo
12:00 12:30					
12:30 13:15				Responsable	
13:15 14:00					

En horario complementario:

- As tardes de luns a venres de 16:00 a 18:00.

Cabe salientar que cando así sexa necesario a totalidade de docentes que integran o claustro colaborarán coa biblioteca escolar.

➤ **CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES QUE SE TERÁN EN CONTA E INSTRUMENTOS QUE SE VAN A UTILIZAR.**

4.1 Planificación, organización e estratexia:

Obxectivo 1	
Actuación 1	Mellorar o clima de traballo entre o profesorado creando liñas de comunicación e colaboración na procura dun beneficio común para o funcionamento da biblioteca.
Indicador	O 90% do profesorado participa activamente nas diferentes actividades levadas a cabo dende a biblioteca, realizando propostas e aportando opinións.
Procedemento	Técnica de observación
Instrumento	Escala de valoración.
Responsables	Equipo de biblioteca e profesorado do centro.
Recursos e materiais	Espazo para reunións, medios de comunicación (correo e aplicacións de mensaxería telefónica), taboleiros nos puntos de reunión do profesorado, así como as instalacións e materias necesarios para a elaboración e desenvolvemento das actividades.
Actuación 2	Incrementar as relacións coa ANPA e coas diferentes entidades comarcais .
Indicador	No 70% das ocasións o equipo de biblioteca e profesorado do centro planifica e crea liñas de comunicación coa ANPA e coas diferentes entidades comarcais co fin de facelos partícipes das diferentes actividades levadas a cabo dende a biblioteca.
Procedemento	Técnica de interrogatorio.
Instrumento	Cuestionario.
Responsables	Equipo de biblioteca, persoal do Concello, ANPA, profesorado do centro e alumnado.
Recursos e materiais	Espazo de reunións, web e taboleiros do centro, actividades do concello, saídas á contorna, orzamento, recursos e instalacións do centro.

4.2 Xestión dos recursos humanos, materiais e funcionamento dos compoñentes organizativos

Obxectivo 2:	
Actuación 1	Levar a cabo as medidas pertinentes para facer do material da biblioteca do centro unha ferramenta útil.
Indicador	O 80% do material da biblioteca do centro atópase en bo estado e satisfai as necesidades do quefacer diario da biblioteca.
Procedemento	Técnica de observación
Instrumento	Escala de valoración.
Responsables	Equipo de biblioteca, coordinadores TIC, grupos de traballo e persoal non docente.
Recursos e materiais	Inventarios de material de biblioteca, táboas de estimación de gasto, equipos informáticos, WIFI, taboleiros dixitais, tablets, software educativo, material de robótica e radio escolar.
Actuación 2	Actualizar os recursos empregados para a organización das fontes bibliográficas do centro.
Indicador	O 80% dos recursos empregados polo equipo de biblioteca foron actualizados e adaptados ao correcto funcionamento da biblioteca do centro.
Procedemento	Técnica de observación
Instrumento	Lista de cotexo.
Responsables	Equipo de biblioteca e profesorado do centro.
Recursos e materiais	Táboas de estimación de gasto, equipos informáticos, WIFI e material de papelería.

4.3 Procesos de ensinanza e aprendizaxe

Obxectivo 4:	
Actuación 1	Presentar a nosa proposta de participación no programa Plambe.
Indicador	Desenvolvéronse o 80% das actuacións pertinentes para comezar a traballar seguindo esta liñas de traballo.
Procedemento	Técnica de interrogatorio.
Instrumento	Cuestionario.
Responsables	Equipo directivo, equipo de biblioteca, coordinador da liña de traballo do PFPP e profesorado do centro.
Recursos e materiais	Convocatoria do programa, orzamento do centro e do propio programa, recursos e instalacións do centro.

Actuación 2	Continuar vinculando a biblioteca coa nosa participación nos diferentes contratos programa nos que o centro atópase inmerso.
Indicador	O 90% do profesorado participa no PFPP do centro.
Procedemento	Técnica de observación
Instrumento	Escala de valoración.
Responsables	Equipo directivo, equipo de biblioteca, coordinadores das liñas de traballo do PFPP e profesorado do centro.
Recursos e materiais	Orzamento, recursos e instalacións do centro.

Obxectivo 5:	
Actuación 1	Procurar que o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional grazas aos medios facilitados para conseguilo e ás medidas de atención á diversidade desenvolvidas dende a biblioteca.
Indicador	O 90% do alumnado acadou o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional.
Procedemento	Técnica de interrogatorio.
Instrumento	Cuestionario.
Responsables	Equipo de biblioteca, profesorado do centro e Departamento de Orientación.
Recursos e materiais	Lexislación vixente, documentación específica, orzamento, recursos, instalacións da biblioteca e xestión emocional do alumnado.

4.4 Recursos materiais

Obxectivo 6:	
Actuación 1	Mellorar e optimizar as instalacións da biblioteca, realizando as labores de limpeza, acondicionamento e obra necesarias.
Indicador	O 50% das propostas de obra, labores de limpeza e acondicionamento da biblioteca foron desenvolvidas.
Procedemento	Técnica de observación
Instrumento	Escala de valoración.
Responsables	Equipo directivo, equipo de biblioteca, profesorado do centro e persoal non docente.
Recursos e materiais	Orzamento, recursos e instalacións do centro.

Actuación 2	Converter a Biblioteca do centro no motor das actividades escolares.
Indicador	Realizar o 80% das obras e labores de mellora da Biblioteca para mellorar o espazo e actualizar as fontes bibliográficas tanto da biblioteca do centro como das bibliotecas de aula.
Procedemento	Técnica de interrogatorio.
Instrumento	Cuestionario.
Responsables	Equipo directivo, coordinadora da Biblioteca, profesorado do centro, persoal non docente, persoal do concello e persoal cualificado.
Recursos e materiais	Orzamento, recursos e instalacións do centro.

18.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN-

O centro dispón dun Plan de Evacuación en caso de perigo.

O noso centro ao igual que outros centros de Narón estamos participando en colaboración co Concello no deseño dun Plan de Autoprotección para o Centro que inclúe, formación, simulacros, charlas e apartación de material. Este ano volveremos a facer o simulacro de evacuación coa participación de Protección Civil do Concello de Narón.

17.- PLAN DAS TIC**COMPOÑENTES**

VERÓNICA RAMOS BASOA

ANA M^a RODRÍGUEZ GARCÍA (coordinadora)

JUAN MARCOS CEREZO SUÁREZ

PURIFICACIÓN FACHAL CORBEIRA

ANA BELÉN VILAR OTERO

SARA GÓMEZ AMADO

LORETO FERNÁNDEZ CUBERO

EMMA FERNÁNDEZ VILELA

1.- COMPETENCIAS DO EQUIPO

- ❖ Elaborar o Proxecto de TICs e a memoria de fin de curso.
- ❖ Asesoramento para que o alumnado mellore as súas destrezas na competencia dixital.
- ❖ Encargarse da xestión dos recursos informáticos do centro:
 - Mantemento dos equipos: limpeza de escritorios, instalación de programas, migración de Windows á Maqueta Abalar libre no caso de mal funcionamento, solucionar problemas técnicos elementais e, no caso de non ser posible, comunicar incidencias á UAC ou a persoas técnicas en Informática en equipos adquiridos polo centro .
 - Manter actualizado o rexistro e etiquetado de ordenadores.
 - Elaboración de propostas para a optimización do uso dos recursos.
 - Valorar a utilidade dos PCs das aulas de 1º e 3º dado que con ese alumnado utilízanse habitualmente os equipos EDUCA.
 - ❖ Manter actualizada a web do centro e fomentar en toda a Comunidade Educativa a súa consulta habitual como medio de información e difusión das actividades que se fan ao longo do curso:
 - Establecer a web do centro como páxina de inicio nos novos equipos.
 - Renovar o tema da web tratando de utilizar un modelo con versión para móbil.
 - Fomentar no alumnado a consulta habitual da páxina web do centro.
 - Ofrecer ao alumnado a oportunidade de crear e subir os seus propios contidos sobre proxectos de aula, excursións, traballos...
 - ❖ Manter actualizada a Aula Virtual:
 - Promover que a publicación das fotos do alumnado se faga preferentemente na Aula Virtual.

➤ Asesorar ao profesorado na publicación de recursos, utilización das ferramentas de autor, subida de fotos e vídeos...

- ❖ Asesorar ao profesorado e ao alumnado en canto a selección e creación de recursos TIC.
- ❖ Asesorar ao profesorado que imparte clase en 5º e 6º de EP no proxecto E-DIXGAL.

2.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR

PARA O CENTRO

- Proposta de comentar co equipo directivo a utilización de abalarMóbil para información ás familias, substituíndo o envío de arquivos adxuntos pola súa subida á páxina web ou á Aula Virtual e enviando o correspondente enlace.
- Inserir contidos por parte de todo o profesorado na páxina web do centro, con información do centro e como medio de relación co exterior.
- Asegurarse de que todo o profesorado coñece o funcionamento da Aula Virtual e da plataforma EVA e que utilice estas plataformas no seu día a día nas aulas.
- Fomentar un uso responsable das TIC, tanto no profesorado como no alumnado, para mellorar o seu funcionamento e evitar os desperfectos que se deban a un incorrecto uso das mesmas.
- Colaborar coa biblioteca e os outros departamentos do centro á hora de levar a cabo tarefas e actividades conxuntas.
- Actualizar o alumnado e o profesorado do centro na Aula Virtual.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan Dixital.

PARA O PROFESORADO

- Utilizar as TIC na aula para reforzar contidos curriculares a través de programas educativos e/ou mediante o uso de Internet.
- Publicar na web do centro contidos relacionados con actividades realizadas polos seus alumnos/as: saídas, proxectos, obradoiros...
- Preparar actividades para que o alumnado poida realizalas dende a Aula Virtual do centro e fomentar a súa utilización.
- Intercambiar información e recursos con outros docentes.
- Colaborar co equipo de TIC para alcanzar entre todos os obxectivos propostos.
- Selección e elaboración de actividades con recursos multimedia utilizando aplicacións como *Liveworksheets*, *Quizziz*, *Kahoot*, *Learning Apps*, *Plickers*, *Debuxos de google*, *Canva*, *Educaplay*, *Genially*, *Wordwall*...
- Comunicar ao equipo TIC as incidencias que xurdan cos equipos o cal facilitará resolvelas do mellor xeito posible.

PARA O ALUMNADO

- Coñecer as ferramentas imprescindibles tendo en conta o nivel educativo dos alumnos e seguindo o indicado no Plan de Educación Dixital.
- Usar as TIC como medio de reforzo de coñecementos adquiridos.
- Espertar a curiosidade pola busca de novos coñecementos.
- Fomentar o uso crítico e responsable das novas tecnoloxías.
- Favorecer a integración dos alumnos con NEAE proponendo actividades axeitadas para o seu ritmo de aprendizaxe.
- Usar programas para realizar traballos escolares: procesador de textos, presentacións, gravacións de son, editores de imaxes...
- Empregar a Aula Virtual e a plataforma EVA para realizar actividades axeitadas ó seu nivel e como medio de comunicación e relación coa Comunidade Educativa.
- Proponer ao alumnado un grupo de traballo con robótica e programación durante os recreos.
- Utilizar os ordenadores de aula e os 26 equipos EDUCA nos cursos de primaria non E-Dixgal para formar ao alumnado no uso de programas, Internet e da Aula Virtual así como para a realización de actividades e proxectos de aula, tendo en conta o seu nivel educativo.
- Revisar e actualizar na Aula Virtual o curso "[XOGOS](#)" para que o alumnado teña acceso a eles na hora do recreo.

PARA AS FAMILIAS

- Fomentar a participación das familias no proceso de ensino–aprendizaxe do alumnado.
- Colaborar na web do centro con aportacións a través da ANPA ou a nivel individual.
- Relacionarse coa Comunidade Educativa a través da Aula Virtual, de EVA, de abalarMóbil ou a web do centro para que poidan coñecer distintos aspectos relacionados coa vida nas aulas dos seus fillos e fillas.
- Manter informadas ás familias de 5º e 6º de primaria sobre a plataforma EVA: obrigas e dereitos á hora de traballar con esta plataforma. Intentar que comprendan os beneficios de traballar dun xeito dixital tanto a nivel motivador como de adaptación aos distintos ritmos de aprendizaxe e necesidades do alumnado.

3.- DESENVOLVEMENTO

A intención fundamental deste proxecto de TIC é que os noso alumnado utilice os medios informáticos para reforzar coñecementos, ampliar información, satisfacer a súa curiosidade, intercambiar ideas, etc.

Aínda que non se trata do estudo da Informática como materia, será imprescindible que teña certos coñecementos, destrezas, habilidades, etc. no momento de usar ordenadores ou tablets.

Podemos utilizar as TIC para traballar con todos os alumnos/as do centro, dende E. Infantil ata 6º de E. Primaria e en todas as áreas do currículo a través de distintas actividades:

- Uso de programas educativos como reforzo de temas estudados.
- Animación á lectura e escritura.
- Consulta de enciclopedias dixitais.
- Busca de información en Internet.
- Comunicación con outros compañeiros/as.
- Participación na web do centro.
- Uso de programas para elaborar traballos: procesador de textos, presentacións, gravacións de son, editores de imaxes...
- Realización de actividades programadas polo profesorado.
- Proxeccións de traballos nas aulas.
- Realización de avaliacións e tarefas de xeito dixital co alumnado de 5º e 6º de primaria.

En canto aos proxectos de robótica, estes levaranse a cabo na biblioteca e intentarase que o profesorado e alumnado teña acceso aos medios que hai no centro para reforzar contidos ou traballar de xeito lúdico.

4.- RECURSOS DO CENTRO EN CANTO ÁS TIC

Na actualidade contamos con conexión a Internet por cable e vía wifi en todo o centro.

Equipamento das aulas:

- E1: Panel dixital interactivo. Un PC nas aulas de 5º e 4º.
- 1º: Panel dixital interactivo, un PC de aula. Pendente a retirada dos 2 PCs para uso do alumnado. Cando se precisen utilizaranse os portátiles "Educa en Dixital".
- 2º: Panel dixital interactivo e un PC de aula.
- 3º: Un PC de aula e 2 para uso do alumnado, canón e EDI que en realidade non funciona como tal senón como pantalla de proxección.
- 4º: Portátil de aula, proxector e EDI. Carro de carga que contén os 26 equipos do programa Educa en Dixital e que poden ser utilizados en calquera aula non E-Dixgal.

- Aulas 3º ciclo:

5ªA + 5ªB: Portátil de aula, carro de carga en 5ªA, proxector e pantalla de proxección. Aulas pendentes de dotación de EDI e de carro en 5ªB.

6ªA: A dotación correspondente ao proxecto E-DIXGAL. Portátil, proxector e EDI.

6ªB: Por desdobre, neste curso na aula de Música. Portátil de aula, proxector e EDI que só funciona como pantalla de proxección. Pendente de dotación de EDI e de carro.

Préstamo de portátiles para o alumnado e tamén para o profesorado de 5º e 6º de primaria que o desexe.

- Biblioteca: PC para xestión da biblioteca (programa MEIGA), 4 PCs para uso do alumnado no horario lectivo e unha impresora láser negro .

- Aula de AL: Un portátil para cada profesora de AL.

- Aula de PT: Un portátil.

Outras dependencias:

- Dirección: 3 ordenadores de uso exclusivo do equipo directivo, un portátil para uso do claustro, 9 tabletas android e 2 ipads para uso do profesorado e alumnado e 1 fotocopiadora en cor.

- Departamento de Orientación: un portátil.

- Sala do profesorado: Pendente de colocación de 2 equipos entre os dispoñibles con mellor funcionamento.

- Conserxería: 1 fotocopiadora en B/N.

5.- AVALIACIÓN DO PROXECTO

O Equipo de TIC fará unha memoria a final de cada curso que se incluírá na Memoria Final do Centro. Avaliarase a consecución ou non dos obxectivos propostos, o uso das TIC por parte dos docentes e do alumnado, o grao de motivación acadado, a eficacia das actividades programadas para alcanzar os obxectivos curriculares, etc.

Esta valoración farase a través da observación directa na aula: dificultades atopadas, actitude dos alumnos/as, etc. e tamén a través das incidencias que o profesorado e alumnado atopan coas TICs durante o curso.

Tamén se terán en conta as actividades do alumnado e profesorado na Aula Virtual, intentando levar un control sobre o que se fai nas clases, fomentando que todo a Comunidade Educativa utilice os seus datos de usuario ao realizar actividades da Aula Virtual.

Ademais, avaliarase a utilización da plataforma EVA por parte do profesorado e alumnado de 5º e 6º de primaria coa finalidade de orientar a posible formación que se poida precisar.

20.- PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Ao comezo de cada trimestre farase unha valoración dos obxectivos acadados en cada nivel. Introducindo se fose necesario as medidas correctoras pertinentes.

Ao final de curso farase unha valoración global e o seu resultado será reflectido na Memoria.

21.- POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS

Desenvolverase da seguinte maneira:

- Reunión de pais: unha antes do inicio de curso.
- Reunións coas familias a nivel individual sempre que fose necesario.
- Circulares informativas que dean maior transparencia da vida do centro.
- Colocación no taboleiro do centro de toda canta información sexa necesaria.
- Participación en festas e actos culturais se as condicións sanitarias o permiten.
- Colaboración en actividades.
- Reunións periódicas coa ANPA do Centro.
- Colaboración con institucións e organismos que persigan obxectivos que figuren no PEC.
- Colaboración en actividades comunitarias.
- Participar en programas elaborados por outras institucións que non teñen aínda feita a súa programación. Sempre que foran coherentes cos obxectivos do PEC, que non interferira co proposto nesta programación e fora posible; o Centro implicaríase nos mencionado programas.

22.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E EQUIPO DIRECTIVO

Implicar a todos/as compoñentes da Comunidade Educativa na vida do Centro fomentando a súa participación a través das canles establecidas e involucrándoos activamente na consecución dos obxectivos específicos que se atopan no comezo desta programación.

Ademais o equipo directivo pretende dar publicidade a todo aquilo que se faga no centro para o seu coñecemento por parte da comunidade educativa.

23.- TAREFAS EXTRAESCOLARES

De acordo co publicado no Decreto 105/2014 na súa D.A.3ª os centros poderán incluír na PXA, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, pautas e criterios sobre o uso das tarefas extraescolares. Por todo isto, este centro atendendo ao principio de progresividade ao longo da etapa educativa e ao axeitado desenvolvemento das competencias clave do alumnado, segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, determina que, no caso de que os/as titores/as consideren preciso a realización de ditas tarefas, poderán incluílas nas súas programacións didácticas sempre e cando a realización das mesmas respecte os tempos de lecer necesarios e non requiran dun tempo excesivo para a súa execución.

24.- EDUCACIÓN VIARIA

O centro participará nas actividades de Educación Viaria que propoña o concello, quen fixará as datas de realización.

Dende o centro se intentará participar en todas aquelas actividades que se propoñan neste sentido como poden ser as marchas ciclistas, a participación nas Olimpíadas de educación viaria ou calquera outra que poida xurdir ao longo do curso.

25.- XESTIÓN ECONÓMICA

A Xestión Económica terá como obxectivo fundamental facilitar o desenvolvemento das actividades programadas neste plan .

O presuposto estimado para o vindeiro ano será de:

Dotación procedente da Xefatura Territorial da consellería de educación e Ordenación Universitaria 2024	9.626,00
Remanente incorporado curso 2023*	16182,15
TOTAL INGRESOS	25808,15

**Ingresados no 2022, pero pertencentes ao 2023: 4556€ anticipo de gastos complementarios.*

Arrendamentos	1000
Reparación mantemento e conservación	1000
Material de Oficina	3500
Subministracións	1000
Comunicacións	18,15
Transporte	4000
Traballos realizados por outras empresas	4000
Axudas custo locomoción	90
Mobiliario e utensilios inventariables	2000
Outros materiais inventariables.	4500
Gastos diversos	4700
TOTAL DE GASTOS	25808,15

Esta P.X.A. será aprobada polo Consello Escolar na reunión desenvolta no CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia o día 1 de outubro de 2024.

A XEFA DE ESTUDOS (P.A.)



Asdo.: Laura Cabarcos Edreira

A SECRETARIA



Asdo.: Ana Belén Vilar Otero

 XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA, PATRIMONIO
E INFORMACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP Plurilingüe PONTE DE XUVIA
Rúa do Foro s/n - 15579 NARÓN
NIF: 0-6555641 - I.
Tf: 981 938198/99/88 - Fax: 981 938191
mail: ceip.ponte.xuvia@edu.xunta.es